

Xosé Neira Vilas

literaria

**MEMORIAS
DUN NENO LABREGO**



60
EDITORIAL GALAXIA
aniversario
1950-2010

Biblioteca Neira Vilas

Biblioteca Neira Vilas

bNV

A Biblioteca de Autor Xosé Neira Vilas vai ilustrada
con obras do pintor Luís Seoane

Para este libro dixital usouse a edición impresa en 2011

1ª edición, 1961

Edición dixital, 2012

© XOSÉ NEIRA VILAS, 2012

© DAS ILUSTRACIONES, ISAAC DIAZ PARDO, 1967

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2012

Avenida de Madrid, 44 baixo - 36204 Vigo

www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-883-5

Ilustración da capa

Luís Seoane: cuberta da primeira edición

© Fundación Luís Seoane

Maqueta da colección e

deseño da cuberta


MANUEL JANEIRO

Xosé Neira Vilas

**MEMORIAS DUN
NENO LABREGO**

Proemio á vixésima edición
Xesús Alonso Montero





XOSÉ NEIRA VILAS
Gres, Vila de Cruces, 1928

Limiar á edición na biblioteca de autor Neira Vilas

Van 50 anos dende a primeira edición de *Memorias dun neno labrego*, acaso o libro máis popular da historia da nosa literatura contemporánea. Con este título inauguramos a Biblioteca de Autor que leva o nome de Xosé Neira Vilas, con capas do pintor Luís Seoane.

Foi precisamente Luís Seoane quen deseñou a cuberta da primeira edición de Buenos Aires, en 1961. A idea inicial era publicar o libro na editorial Citania, que o polifacético artista, figura clave da actividade cultural entre a emigración galega e o exilio naqueles anos, viña de fundar na capital arxentina con apoio da AGUEA (Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas). Con esta marca editorial saíra en 1959 *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor, logo dos intentos frustrados de publicar a obra en Galaxia, intentos frustrados pola censura da ditadura franquista. Pero Neira Vilas, que viña de constituír a distribuidora e editora Follas Novas, xunto coa súa compañeira Anisia Miranda, acordou publicar o libro na súa nova empresa.

A editora-distribuidora Follas Novas, “a Feira dos Libros Galegos”, tal que a denominaba Suárez Picallo, iniciara as súas actividades en 1957 coa arela de espallar as producións editoriais galegas entre as nosas comunidades emigrantes nas

nacións americanas, onde a colectividade galega constituía (e en certa maneira constitúe aínda) unha importante rede social. Anisia e Xosé Neira, que daquela tiñan 24 e 28 anos, respectivamente, botan a andar o proxecto, que primeiro é unha distribuidora comercial e axiña pasa a ser tamén unha plataforma editora, a partir de 1958, con títulos de Víctor Luis Molinari (*Itinerario galego*), Anisia Miranda (*Esta es Cuba, hermano*), Xosé Neira Vilas (*Dende lonxe*) e Xosé Conde (*Terra aluciada*). A profesora Nora Longhini recrea este período nunha interesantísima entrevista que se inclúe no libro: *Neira Vilas. Os anos da Arxentina, 1949-1961* (Galaxia, colección Memoria, 2008). Remitimos os lectores a estas páxinas.

Memorias dun neno labrego , primeiro título en prosa do autor, sae con data de xaneiro de 1961. Poucos meses despois a parella viaxa a Cuba, onde residiría, estreitamente comprometida coa actividade cultural e cívica do socialismo cubano, ata 1992, data en que regresan á Terra, á aldea de Gres (concello de Vila de Cruces), lugar onde nacera o escritor en novembro de 1928 e onde na actualidade preside a Fundación que leva o seu nome, centrada na promoción das letras e da lectura, moi principalmente entre os rapaces e rapazas novos.

Nesta nova edición das *Memorias dun neno labrego*, coa que inauguramos a Biblioteca de Autor Neira Vilas, reproducimos o limiar ou proemio que Xesús Alonso Montero escribiu para a vixésima edición, no ano 1999. Reproducímolo tal como no seu día se redactou e publicou, porque en certa maneira forma parte

tamén da historia deste libro. Con anterioridade, o profesor Alonso Montero xa introducira o libro noutras dúas ocasións: en 1968, primeira edición en Galicia (Edicións do Castro), e en 1988 (Proemio á décima edición), con debuxos de Isaac Díaz Pardo.

Nestes limiares, o prologuista glosa a personalidade de Xosé Neira Vilas e fai apuntamentos atinados sobre a significación da obra, apuntamentos que estamos seguros que han de interesar aos lectores de hoxe, novos e menos novos, algúns mesmo relectores, pois as “memorias” de Balbino forman parte da crónica sentimental de catro xeracións. Algunhas das cifras e datos editoriais que se dan no devandito Proemio quedan hoxe superados. Non son vinte edicións, senón trinta en lingua galega, ás que cómpre engadir as traducións a outras linguas, tal como se recolle no apéndice actualizado que incorporamos ao final da presente (“Breve historia de *Memorias dun neno labrego*”). Van en total arredor de 600.000 exemplares publicados, o que fai deste título un dos primeiros *best-sellers* das nosas letras.

Mais non un *best-seller* produto das estratexias promocionais da industria, nin do márketing programado polas editoras. As *Memorias dun neno labrego* circularon de boca en boca, de man en man, de confianza en confianza, con pulo de seu, sen apenas máquina editorial ningunha. Velaquí o seu éxito e o seu mérito. Durante moitos anos foi case que o único texto de iniciación á lectura en galego, antes de que a lingua estivese recoñecida nos plans de estudo e nos currículos escolares (1979-1980). Xunto con *Os rogos dun galego establecido en Londres* de Manuel Pardo de

Andrade (1813), e o *Catecismo do labrego* de Valentín Lamas Carvajal (1889), as *Memorias* de Xosé Neira Vilas configuran a trepia dos grandes títulos populares, acollidos e recoñecidos polo pobo, polo conxunto da sociedade, que os fixo seus e soubo ler neles o discurso do seu tempo.

A Biblioteca de Autor Xosé Neira Vilas acolle un clásico vivo e iníciase cun título fundamental da nosa literatura. Tal como xa é habitual nestas series, cada título da Biblioteca vai presentado por unha ilustración ou obra plástica de Luís Seoane, figura fundamental da nosa cultura contemporánea, que deseñou en Buenos Aires a capa da primeira edición.

En Vigo, decembro de 2010

Víctor F. Freixanes

Proemio á vixésima edición

De novo, véxome na obriga —tan gasalleira e que tanto me honra— de prologar este fermoso e lúcido relato de Xosé Neira Vilas. Escribo, unha vez máis, sobre as *Memorias* cando, ó seu modo, xa é un clásico da nosa narrativa.

1. TRINTA E OITO ANOS DESPOIS

Teño diante de min un exemplar da primeira edición destas *Memorias*, un relato que ten engaiolado a ducias de miles de lectores do noso país. Leo no colofón que o libro saíu do prelo o 5 de xaneiro de 1961, hai xusto trinta e oito anos. Foi nese ano, ou quizais en 1962, cando o libro chegou ás miñas mans, e, desde aquela primeira lectura a hoxe, é un dos libros que levo no corazón.

Recoñezo que son un lector unha miguiña privilexiado, pois fun, como Balbino (o protagonista e o “autor” das *Memorias*), un neno da aldea con zocos e co pantalón remendado nas mesmas datas en que Balbino carrexaba feixes de xestas e botaba o gando antes de ir, ás nove da mañá, á escola pública da parroquia. Teño os mesmos anos que Neira Vilas, o creador de Balbino, e coñecín e padecín, como Balbino e Neira Vilas, o precario universo rural

galego de hai sesenta anos. Quizais eu, en 1940, tiña un estatus menos duro, un pouco menos abafado có de Balbino. En realidade, os meus tres irmáns e mais eu traballabamos no noso, nas viñas de nosos pais, e Balbino e os seus traballaban no alleo, nas terras do “señor”, o pai de Manolito. Eu era menos labrego ca Balbino. Se soubese, eu escribiría as *Memorias dun neno campesiño*, menos “labregas”, por tanto, cás que escribiu Neira Vilas.

Gardo, con agariño e gratitude, esta primeira edición das *Memorias*, impresa en Buenos Aires no mes de xaneiro de 1961, hai, xusto, trinta e oito anos. Gárdoo con gratitude porque foi para min un catón literario que me axudou a entende-la aldea, a miña aldea, e, polo tanto, a miña nenez. Gárdoo con agarimo porque un contemporáneo meu conta, con palabras de arte, un pouco da miña historia. Por se fose pouco, canta na cuberta do libro, nesta primeira edición, un debuxo de Luís Seoane, un mestre do xénero xa daquela. Aínda hai máis. O libro foi publicado pola Editorial Follas Novas, fundada catro anos antes, en 1957, por Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda (escritora, cubana, filla de galegos). Follas Novas, nome ben significativo para todos nós, foi tamén distribuidora do libro galego para todo o mundo, empresa que só dous espíritos moi comprometidos podían protagonizar en tempos tan problemáticos para a causa do espallamento da literatura galega. Pero en Buenos Aires Anisia Miranda e Neira Vilas, ademais de compromiso, tiñan paixón.

Follas Novas xa publicara, antes de xaneiro de 1961, catro libros: o *Itinerario gallego* de Víctor Luis Molinari (coa versión galega de Neira Vilas); *Terra aluciada*, de José Conde; *Esta es Cuba, hermano*, de Anisia Miranda, e *Dende lonxe*, o primeiro libro de versos de Xosé Neira Vilas. Nun dos seus poemas, “Laio do vello emigrante”, lemos:

*E se máis regalía merecese,
tiña vinte anos.
Vinte espadas xusticieiras e honradas
pra eisixir,
pra loitar.*

Foi ós vinte anos cando Neira Vilas deixou a súa aldea natal, Gres, e embarcou rumbo a Buenos Aires: no fondo, rompe con aquel mísero horizonte económico e espiritual. Daquela, quizais, era a única forma de rebeldía.

Neira Vilas, sen título universitario, sen estudos secundarios, vai aprender, na universidade da vida, cousas que xa sospeitaba, Neira Vilas, que leva a Balbino dentro, fai o que xa Balbino facía na aldea: preguntar, cavilar, cuestionar. Por sorte súa, vive no Buenos Aires onde exerceron o seu maxisterio, ademais da sombra de Castelao, espíritos tan altos como Luís Seoane, Rafael Dieste, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Ramón de Valenzuela, Antonio Baltar..., espíritos coa cabeza, claramente, no lado do

corazón. Balbino —Neira Vilas— xa sabe por que o mundo está mal feito. Se os seus “mestres” están con Galicia, coa nación, Neira Vilas fará seu ese compromiso, e, coma os seus “mestres”, porá o acento na nación sociolóxica na que os Balbinos do noso país traballaban, padecían e soñaban.

Foi este un libro que nos meus anos de Lugo emprestei a amigos, a alumnos e a lectores varios, persoas que axiña se constituíron en devotos do singular relato de Neira Vilas. Vai ser en 1968 cando Isaac Díaz Pardo e mais eu acordamos publica-la segunda edición, non sen un certo temor á Censura. O meu prólogo para esa edición, a primeira feita en Galicia, data de abril dese ano, e por esas datas Díaz Pardo xa debuxara a tapa e as catro ilustracións que enriquecen o libro. Ediciós do Castro publicou a esperada noveliña “o 17 de maio de 1968, Día das Letras Galegas, adicado iste ano ó Arqueólogo Florentino L. Cuevillas...”

2. HAI DEZAOITO ANOS

O éxito cuantitativo das *Memorias* foi extraordinario, único, ata entón, na narrativa galega. Repárese na elocuencia destes datos: 1968 (2ª edición), 1969 (3ª), 1971 (4ª), 1972 (5ª), 1976 (6ª), 1977 (7ª), 1979 (8ª), 1980 (9ª) e 1981 (10ª).

Requirido para prologar esta edición, a décima, de 1981, aceptei con gusto a honra, que aproveitei para pronunciarme

sobre as razóns dun éxito editorial tan asombroso. Reproduzo, no apartado seguinte, retocándoas minimamente, as palabras de 1981.

3. UNHA VITORIA DO ESPÍRITO

Tes nas mans, lector, o relato galego máis lido de tódolos tempos. En vinte anos, de 1961 a 1981, reeditouse, na nosa lingua, unha e outra vez. Sen contármolas edicións en castelán (en España e en Cuba) e, sen termos en conta a versión portuguesa, de 1968 a hoxe téñense publicado en idioma galego uns cen mil exemplares, lidos, case todos eles, con fruición, e ningún con indiferenza. Este espallamento —en números e en emocións artísticas— non é o resultado dunhas campañas publicitarias ou de montaxes propagandísticas.

O libro, el soño, empurrado pola adhesión cordial e polo agarimo “propagandista” de centos de lectores, foi chegando ás aulas, ós traballadores das fábricas, ós galegos de Francia e Suíza, ás mans campesiñas, a certos departamentos universitarios... Para miles de lectores —culturalizados noutro idioma e na autosubestimación lingüística— foi unha revelación, unha “revolucionaria” revelación: xa lido o fermoso relato, centos e centos de persoas da xente do común descubriron que con dúas realidades desestimadas —a lingua galega e a aldea— podía

construírse un relato que xeraba nos lectores, ademais de emoción, clara conciencia de dignidade.

En trece anos (1968-1981), pois, uns cen mil exemplares camiñan, sobrios e luminosos, polo mapa adiante de Galicia e penetran en fogares nunca visitados por outras páxinas nosas. Libro sen premios rechamantes, relato nunca promocionado desde a Televisión, noveliña allea a campañas publicitarias, é hoxe alimento estético e ético de miles e miles de lectores pola súa valía, pola súa calidade intrínseca, esa dimensión da historia do Espírito que, ás veces (poucas), medra e avanza aínda nas paisaxes máis contaminadas, aínda nas sociedades máis lixadas e manipuladas.

4. BALBINO: UN RAPAZ ENXEBRE E, INTUITIVAMENTE, DE ESQUERDAS

Balbino, “un rapaz da aldea”, “un ninguén”, escribe nun caderno o que lle acontece e o que cavila, unha forma de desafogar, de fuxir dun medio tan pechado, tan mísero, tan abafante. Así eran as aldeas de hai 60 anos para os aldeáns pobres, e Balbino era da aldea e moi pobre: “un ninguén”, como se define nas primeiras liñas das *Memorias* .

Da aldea e moi pobre, certamente, pero aplicado na escola, cavilador e preguntón, unha especie de neno intelectual que, pola súa conta, pregunta e responde, respostas, ás veces, que

cuestionan costumes, ditos e situacións. Sempre pensei que Balbino, no esencial, é un rapaz de Gres que se chamaba Xosé Neira Vilas.

O lector vai atopar neste relato a paisaxe moral e social dos anos trinta e corenta, unha paisaxe, hoxe, en parte, distinta. Era un entramado eticamente inharmónico e deficiente como tecido social, deficiencias e inharmonía que percibe Balbino, cronista dunhas peripecias (propias e alleas) que teñen como marco esa mísera paisaxe. Balbino —nenos que ignora a existencia das ciencias sociolóxicas e que nunca sentiu falar de Carlos Marx— percibe con bastante claridade a limitación da súa vida —e doutras— nesa paisaxe de prexuízos, nese ceo de néboas e nese marco sen horizontes. Balbino, o protagonista, é, en boa parte, trasunto de Neira Vilas, e, cando este, home adulto, pon na man de Balbino a súa pluma para que sexa o propio Balbino quen conte e quen comente o seu vivir, Balbino é un escritor libre: un rapaz que conta as súas peripecias e os seus atafegos sen que sobre el exerza coacción ideolóxica ningunha Xosé Neira Vilas, daquela un emigrante galego de 32 ou 33 anos cunha moi consciente concepción esquerdista das cousas.

Algún crítico ten suxerido que Balbino (de doce ou trece anos), ás veces, fala coma un home, e coma un home que non é de dereitas. Eu creo que parte da grandeza literaria das *Memorias* está no feito de que as escribe Balbino, non Neira Vilas: un Balbino —cómpre subliñalo— que non é parvo, que anda pola vida cos ollos moi abertos e cun feixe de preguntas (“Nós vimos ó

mundo cunha alforxa de preguntas”)). Cando eu era neno na aldea —eu son da quinta de Balbino— había rapaces desta feitura intelectual. Balbino, o protagonista e o narrador destas *Memorias*, era un rapaz de esquerdas, tan limpo, tan natural que non sabía, daquela, se había, entre os maiores, esquerdas e dereitas. Páxinas hai moi reveladoras do esquerdismo de Balbino, sobre todo aquela na que, despois de afacer ó seu amigo “Lelo a cavilar”, aclara: “Falabamos de cousas moi serias. Cousas de xente grande. Estivemos de acordo en que no mundo hai pobres e ricos e non debería ser así, a menos que os pobres sexan nugalláns”.

A Balbino (leigo en teoría da plusvalía) dóelle que os seus pais e os seus irmáns teñan que segar trigos alleos, domear, moralmente, o lombo: “tamén me aflixe ter que amstrar cara de risa ó señor, coma se non abondase con darlle a metade do que collemos”. Aclara a explotación económica e pon o acento na dignidade ferida (“amstrar cara de risa ó señor”). Ferido na súa dignidade, un día que o fillo do señor, Manolito, arroupado polos dous fillos do médico (don Leopoldo), o insulta e o hostiga, Balbino deféndese acantazándoos, con tal mala sorte que un croio deixou sen sentido o fillo do señor.

Neste capítulo, titulado “A pedra”, o penúltimo do relato, está en abreviatura o conflito social máis elemental: o pobre arreponse á inxustiza dos que intentan converter en usos ou abusos. Todo empezou cunhas palabras en castelán de Manolito:

“—¿Veis aquel harapiento? Es el hijo de nuestro casero. Un cagarolas. Un... [...] Vamos a correrlo”.

Balbino non consente ser aldraxado por quen ten o diñeiro, o poder e a lei. Manolito posuía tamén a lingua das instancias, unha lingua que para os Balbinos de Galicia connotaba, nestas circunstancias, asoballamento. O foro —físico e moral— que tivo que pagar Balbino por arrepoñerse (por defenderse) foi grande e grave: tivo que resignarse a ser golpeado polo seu propio pai cunha “corda encartada” diante da figura sorrinte do pai de Manolito, do amo. Rematado o acto clasista de xustiza, Balbino aínda tivo “folgos para correr a onde estaba aquel lobo chamado ‘señor’ e cuspirlle na cara. Despois fixen o propio con meu pai”.

Ninguén, que eu saiba, ten feito obxeccións á reacción de Balbino (mesmo ó feito de cuspirlle ó seu propio pai), porén, estráñame que os críticos das *Memorias* acepten como totalmente verosímil, na Galicia de 1940, a decisión e a actitude do pai de Manolito, que o autor amosa nestes termos: “O señor alí estaba, no patio, entre chuchameles e nogueiras, sentado nun banco de cantería. Cando escoitou os nosos pasos, revirouse e botoume unha ollada enfurecida, chea de pezoña, que me puxo medo. Logo, sorriu con maldade, mentres lle entregaba a meu pai unha corda encartada. Non sei ben o que pasou por min e pechei os ollos. Meu pai xemía mentras me arreaba coa corda no lombo, nas pernas, onde cadrase”.

¡Por pouco máis fíxose unha revolución en 1917!

Moi poucos días despois, Balbino foxe da casa e chega a Loxo, onde Celia, irmá súa, hai tempo que é criada de servir. En Loxo, na casa do Landeiro, que é tratante de gando, ponse a servir. O xateiro, que non é totalmente insensible, tráelle das feiras a Balbino, o seu criado, algún libro. Nestas datas confesa Balbino a súa fortuna, o seu capitalciño: ¡ten dezaoito libros!

Por esas datas consente que o Alberte, “sobriño do Landeiro, que estuda en Santiago e escribe libros”, lle leve o caderno das *Memorias* tras xurar que “non llo amostraría a ninguén”. Eu non sei como chegaron, logo, ás mans de Neira Vilas, que as publicou en Buenos Aires no mes de xaneiro de 1961.

5. BALBINO E O PANTRIGO

Balbino, que sabe das opresións de clase, sabe de moitas outras opresións que se dan —conste— na súa clase. Balbino rebélase intimamente contra o loito que ten que gardar, por un tío seu, durante tres anos, que son tres anos sen días de festa e sen días de troula. Interesa, dun xeito especial, a súa conciencia crítica (de neno) contra certas imposicións da Igrexa. Balbino, xa un mozote (ou moi próximo a esa idade) sente a primeira chamada do amor, un amor que se manifesta, desde o principio, como “un agurgullar no peito”. A amada non é unha nena da súa andaina e do seu igual: é Eladia, a mestra, maior ca el, por tanto, e doutra condición intelectual e profesional. Tamén aquí, o feito

universal do amor ten compoñentes de clase, de clase social. Aquel neno da aldea, intelectual ó seu modo, está fascinado por Eladia porque é profesora, porque é muller que ten libros; tamén está engaiolado por ela porque Eladia ten os atributos da “clase alta”: no seu cuarto había “cadros, xerriñas, flores... roupas de seda”. Nese ambiente, confesa, “sentín vergoña dos meus zocos e remendos”. Balbino, que ten conciencia de clase, non ten a lucidez para non avergonzarse da súa clase. El, que noutras situacións, é lúcido, agora non o é, e non o é, quizais, porque o amor, aquel grande e primeiro amor, non o deixa cavilar como cómpre. Porque foi un amor tan grande que, cando Balbino viu pasear de ganchete a Eladia co seu verdadeiro mozo —un home do seu igual—, ó outro día non se puido erguer da febre que tiña. Así amaba Balbino, en boa parte, porque era “un rapaz da aldea, un ninguén” engaiolado polo ouro e o ouropel de Eladia, a profesora. Por se fose pouco, Eladia, duns vinte anos, era de condición “garimosa” no trato e, fóra da aula, “falaba galego conosco”, práctica non experimentada por Balbino cos mestres anteriores. Non conta Balbino nas súas *Memorias* se outros rapaces da escola tolearon por Eladia. ¡Non era para menos!

Balbino pertencía a unha familia tan pobre que na casa escaseaba sempre o compango e non abundaba o pan, case sempre esa mestura pesada chamada boroa. Á súa nai, por certo, “sentáballe mal a broa”, pero —aclara Balbino— “non podemos mercar pantrigo”. Cando Balbino ten que caracterizar, na dimensión alimenticia, á xente da “clase alta” —como dicían os

sociólogos das silveiras— o pantrigo é un elemento esencial. De Manolito, o verdadeiro antagonista deste relato, dirá: “Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo para levar o gando a pacer”.

O pantrigo é unha obsesión, case un soño gastronómico; o pantrigo é citado e cobizado desde as premisas de estreitura nas que vivía aquela nena da aldea que nunha “Cousa da vida” de Castelao chega á conclusión, despois de moito cavilar, de que “o Rei comerá... sucre”. Do pantrigo, como experiencia illada, fala Balbino con esta fruición na súa etapa de sancristán: “Viñeron moitos curas e eu, no remate, axudeilles a comer a parva na sancristía. Larpei queixo e pantrigo a embute”.

Tamén nisto as aldeas galegas mudaron o seu. Os fillos dos Balbinos, se hoxe son médicos ou avogados, cando, por espírito folclórico, queren, algún día, xantar con boroa, encárgana nun restaurante fino da cidade. Os fillos destes médicos, os escolares de hoxe, non saben o dramatismo das páxinas das *Memorias* —tres polo menos— en que aparece, protagonizándoas, o termo pantrigo, aquel cobizado manjar de 1940.

Ós escolares de hoxe xa habería que ofrecerlles edicións das *Memorias* anotadas en parte. Acontece o mesmo con Homero, Dante, Cervantes, Rosalía de Castro e Curros Enríquez, o que non cuestiona nin mingua a súa alta valía literaria. A propia Rosalía esixe unha nota no cuarto verso desta estrofa:

*Unha muller sin home,
¡Santo bendito!,
é corpiño sin alma,
festa sin trigo.*

O verso de Rosalía pode ilustrarse cun vello aforismo noso: “O pantrigo fíxoo Dios, a broa mandouna facer”. Non sei se o padre Sarmiento, bo paremiólogo, coñecía este aforismo, pero del é esta observación: “Los rústicos comen poco pan de trigo, lo más común que comen es pan de maíz”.

Cando Castelao, no fragor da Guerra Civil española, traza o perfil da Galicia por el soñada, escribe unha liña que semella ditada por Balbino: “Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga” (a Castelao, tan coidado, non se lle esqueceu, nesta entrañable secuencia, a conxugación do infinitivo).

Aínda non hai moitos anos os Balbinos de Galicia chamaban ó pantrigo “pan de voda” ou “pan dos días de festa”. Os Manolitos, que o comían sempre, non só os días en que había fume na igrexa, non lle chamaban, loxicamente, desta maneira.

6. BALBINO, DOUTOR HONORIS CAUSA

Antes das *Memorias*, de 1961, Neira Vilas publicara só un opúsculo poético, *Dende lonxe* (1960), xénero que non define ó noso

escritor. Neira Vilas é, fundamentalmente, un narrador, un narrador que se estreou, na miña opinión, coa súa obra mestra. Son abundantes as páxinas maxistras noutros relatos seus, especialmente as protagonizadas por nenos que vivían no medio rural da súa infancia. En efecto, a aldea e a nenez son as mellores musas, creo, deste entrañable narrador. Por outra parte, non escasean as páxinas maxistras nos relatos protagonizados por emigrantes.

Neira Vilas, que acaba de cumprir setenta anos, é autor dunha obra extensa e polifacética na que sería inxusto non destaca-los estudos literarios sobre Rosalía e Castelao, entre outros. Como narrador, a súa máis importante dimensión literaria, hai tempo que a crítica lle ten dedicado valiosas páxinas de recoñecemento desde os libros de María Lucas (1977), Dolores Vilavedra (1990) e Xesús Rábade Paredes (1992).

En canto a *Memorias dun neno labrego*, cómpre facer referencia, nesta altura, á súa presenza no mapa vivo dos lectores. Foron traducidas ó castelán, ó portugués, ó alemán, ó catalán, ó éuscaro, ó bable... Son varias as edicións castelás tanto en España como en Cuba, resultado de todo o cal son os trescentos mil exemplares que existen hoxe nas bibliotecas públicas e particulares de Europa e América. Desta aventura do Espírito os anos máis vivos e cálidos son os das primeiras edicións, precisamente aqueles en que certos lectores recibían o libro coa emoción con que se recibe un devocionario. Eran os anos en que a biografía de Balbino se instalaba na memoria e no corazón de

centos de lectores. Moitos recitaban páxinas enteiras, mercé, en non pequena parte, ós modos lingüísticos cos que Neira Vilas transcribiu as palabras ditadas por Balbino. Foron —son— un prodixio de riqueza idiomática, de lingua axeitada para contar aquel universo rural desde os ollos, moi abertos, dun neno da aldea.

Por todo isto, a Universidade da Coruña, nun xesto insólito, outorgoulle a Balbino o seu loureiro máximo: o de doutor honoris causa. O 16 de xaneiro de 1998 recolleu o correspondente diploma, no nome de Balbino, Xosé Neira Vilas. Ninguén tiña máis dereito.

X. A. M.

Vigo, xaneiro, 1999

**MEMORIAS
LABREGO**

DUN

NENO

*A todos os nenos
e a todas as nenas
que falan galego.*

Eu son...



Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesar do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O po quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetárase nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amañece xa me doe o lombo e as pernas. Pero o día comeza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos son coma espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sen tentos.

¡Que saben disto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentres boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia un fantasma bretemoso en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre “cando está de Deus”, como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temo a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por iso escribo. E despois durmo coma unha pedra. Quedo desatafegado, libre, coma se me quitasen de enriba

un bocoi. ¡Cousas miñas! E tamén de Smith, o capitán que estivo na guerra e cando voltou para a casa púxose a escribir todo o que lle acontecera. Así está nun libro que me trouxo o Landeiro.

¡Se eu fixese un libro! Nin falar. Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel baleiro todo o que sinto. Moi pouca xente o fai. Todos abren o peteiro para dúas cousas: para dicir a verdade ou para arredarse dela.

Na miña casa non me comprendían. E outro tanto acontecéme na do Landeiro. Iso é o peor que lle pode suceder a un, pero a moita xente non se lle dá.

Eu non sei se esvarío. Vexo o mundo darredor de min e adoezo por entendela. Vexo sombras e luces, nubeiros que viaxan, lume, árbores. ¿Que é todo isto? Ninguén me di, poño por caso, para que serven as estrelas, nin onde morren os paxaros. Sei de certo que moitísimos anos antes de nacer eu xa había sol e penedos e fuxía a auga polo río. E estou seguro de que todo seguirá igual despois de que eu morra. Virá máis xente, e máis, tripano uns nos outros, esquecéndose adrede dos que morreron, coma se non houbesen vivido.

Escribir no caderno —¡quen o diría!— é coma baldeirar o corazón. Parece un milagre. Pois á fin de contas non pasa de ser unha conversa comigo mesmo. Pero para min é milagre todo. Dende as pingueiras da chuvia ata o canto do grilo.

Aínda que se me ocorrese facer un libro, como fixo Smith, de pouco valería o que contase. Smith estivo na guerra, e eu son

apenas “o neno”, como me chaman na casa. Son Balbino. Un rapaz da aldea. Un ninguén.

Perdido

—¡Nenoooo...!

—¡Balbino!

Son as primeiras chamadas que recordo. Miña nai e mais a tía Carme baixaban a valmontes polo agro. Os seus berros batían na canteira que hai na outra banda do río. Sen facer caso de camiños nin carreiros corrían a treu, crebando millo. Era despois de xantar. O sol queimaba. Zoaban alporizados os tabaos.

—¡Que será do neno!

—¿Cairía no río?

—¡Ai Sanantoniño nos valla!

Na véspera dérame meu pai unha somanta por lle enfarruscar a cara con feluxe ó neno do señor. Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo para levar o gando a pacer. Meu pai non quixo saber o que Manolito me fixera denantes a min. “É o neno do señor e abonda”. Pero por máis que o sexa paréceme que non ten dereito a darme cos seus zapatíños novos nas canelas, nin cuspirme, nin dicir que, se eles queren, nós teremos que deixar a casa e as leiras.

Coa rabecha deiteime sen cea e botei a noite esperto, chorando. Tiven mágoa de min por ser un neno pobre. Os pobres

de todo que andan polas portas esfarrapados, e ás veces ata rouban patacas ou millo para comer, están mellor. Aturan ós de fóra, pero non ós da casa que queren andar ben co amo. Porque eles comerán ou non, terán ou non terán zocos, pero están libres do señor e de Manolito.

Pola mañá erguinme canda todos. Fun con meu pai ó monte. Notoume que andaba aqueloutrado pero non me dixo nada. E eu amostrei cara de ferreiro. Voltamos, sen dar fala, cando os bois comezaron a encrechar o rabo coa mosca.

Despois de xantar marchei para a eira. Seguiume a tía Carme, pero cando me veu rebalbado á sombra, no pallal, volveuse. Entón botei o cancelo fóra, atravesei o camiño e metinme no agro. Seguí por entre os renques de millo. Camiñaba devagar. O millo cubríame. Xa non podían verme. A terra estaba dura. Algúns cadullos esfarelábanse debaixo dos meus zocos. Andei e andei. Debía estar preto do río pois chegou ata min o balbordo da auga na presa do muíño.

Senteime. Quitei os zocos e desabotoei a camisa. Estaba canso e o sono venceume. Durmín un bo anaco, non sei canto, e acordei mentres soñaba que Manolito corría tras de min cunha escopeta.

—“Poida que anden na miña busca”, pensei. Pero non me importou. Meu pai zoscábame sen ter por que, e eu quería lle demostrar que non teño medo. Por eso fuxira. E xa daquela teimaba irme para lonxe. Non quería aturar a Manolito.

Púxenme a facer moreas de terra. Sempre me gustou xogar coa terra. Estaba morna a da tona; a de máis abaixo gardaba

algunha lentura. Primeiro fixen un valo; despois unha ponte. Unha ponte con follas de millo e barba de mazaroca por derriba, a xeito de chan e orelas. Foi cando oín que me chamaban. Erguinme de súpeto, pero volvinme a anagar.

—¡Nenoooo!

Os primeiros berros viñan da banda do camiño; despois pareceume que saían do resío.

Seguín no meu trafego de amorear terra coas mans. Tamén construí un forno, de croios, e arrinquei millán para poñerlle darredor. Non me movería de alí. Fixen a promesa de fuxir para sempre da casa, se meu pai me volvía zoscar.

—¡Balbinoooo!

Sentino por miña nai, e pola tía Carme, pero que se amolen. Elas tamén me tiñan bourado, e ademais facíanme rezar. Todos son contra min. Dende o padriño ata meu irmán Miguel, que inda na véspera de irse para América turroume dos pelos porque lle andei na caixa das ferramentas.

Pola tardiña andaban buscándome todos os da casa e tamén algúns veciños. Berraban preto, lonxe, no agro e nas corredeiras. O meu nome foi e veu polo aire en toda a aldea. Xa se fora o sol e inda non me atoparan. Moita xente que non lle importaba de min, andaba na miña busca. Era coma se procurasen o raposo ou lle quixeran dar caza ó porco bravo. Eu, mentres, seguía facendo pontes e fornos, xuntando croios, esfarelado cadullos.

Anoitecía cando sentín bafexar detrás do meu lombo, despois dun maino ruxido de follas de millo. Revireime. Era Pachín, o

can. Pachín tamén me buscaba. E deu comigo. Traguía a lingua fóra e viña fatigado. Achegouseme con agarimo e comezamos a trizar os dous. Queríame falar. Queríame dicir dalgún xeito que me buscaban, e deille a entender que xa o sabía e que tanto me tiña. Pachín deu en choutar ó meu redor. Esbargalloume as pontes. Rifeille e quedouse engruñado, coma pedindo perdón.

A noite caeu de súpeto sobor do agro. Barullaban os grilos e as ras. Espreguiceime. Puxen os zocos, e, vagoroso, fun indo leiras arriba. Pachín ceibou un ladriño de amigo e seguiu á miña beira. Cando ía atravesando a horta, escoitei un berro lonxano que me chamaba. Entrei na casa. Non había ninguén. Semellaba un cemiterio. Unha campá baldeira.

Deiteime na cama. Soñei co Manolito e co meu pai. Os dous andaban a enredar un co outro e o señor divertíase. Mentres, eu choraba. Choraba e ninguén facía caso de min. Ninguén ollaba as bágoas que me relucían nas fazulas, caían no chan e fuxían cara ó río, por entre os renques do millo. Pachín seguía á miña beira, coma se quixese falar-me ou chorar comigo.

Cando abrín os ollos vin máis de dez caras darredor de min. Enxoguei as bágoas coa camisa. Pachín fitoume dende a beira da cama. Paseille unha man polo pescozo e volvín durmir.

O Xudío

Diante ía un home coa cruz. Seguía-o outro co pendón. E despois o estandarte, santos, o cura, vellas que rezaban,

rapaces... ¡que sei eu! Coma todos os anos.

Tocaban os gaiteiros unha marcha. A mesma de sempre. Cada tanto, un home arrimáballe o chisqueiro a un foguete de tres estalos. Os rapaces corrían tras da canavela, e cando a pillaban sentíanse triunfadores, coma se tivesen atopado un tesouro. Querían o fío para facer cometas. O sancristán repenicaba baixiño as campás. Baixiño para que a xente atendese á procesión; para que as vellas rezadoras puidesen pasar as doas do rosario e escoitarse unhas ás outras, facendo o labor xuntas como se fai a sega ou a malla.

Eu rabeaba por ir tamén á procura de foguetes, pero nunca me deixaban. O padriño veña de contarme a historia daquel rapaz que perdeu as mans por coller unha granada sen estalar. E miña nai arretegábame contra si. “Reza e mira para os santos”, dicíame. Son o único na parroquia que vou en todo o paso da xente grande. Queren que chegue a home antes de tempo. E eu teño moitas ganas de medrar. Pero coa gana non abonda. Teñen que pasar anos. Mentres, non podoo divertirme cos compañeiros.

Os santos arrondeábanse sobor das andas por riba das cabezas da xente. A Virxe do Carme ten un arco moi lucido que lle regalou Mosteiro dende Cuba. O Xudío tiña dito que “o indiano faría mellor dando eses cartos ós pobres da parroquia ou mercando libros para a escola”. Pero ó Xudío ninguén lle dá creto. E canto diga é coma se o dixese o mesmo demo.

Outros santos paseaban na procesión. Santo Antonio, co seu meniño no colo; san Roque, co seu can pequerrecho; o san Ramón,

que disque non naceu, ou chegou ó mundo cando morrera a nai, ou algo así. Miña tía non soubo ou non quixo dicirme a historia polo dereito.

Despois de dar unha volta enteira ó adro, saíu toda a estangurrida polo cancelo e seguiu pola aldea adiante. Os gaiteiros teimaban coa mesma marcha, e o sancristán, penzo sobor dos bateis, seguía repenicando baixiño. Niso, a unha das catro mozas que levaban o santo Antonio non sei que lle pasou e miña nai achegóuselle. Eu lisquei. Fuxín da procesión. O home da pólvora púxolle lume a un foguete. Cando estalou mirei para riba e logo botei a correr. A valmontes, brincaba coma un cabalo novo, tripando sebes, regueiros e hortas. Sen saber como, fun dar á eira do Xudío. Xa non me lembraba do foguete que viña perseguindo. Renxeu un aramio e deseguida apareceu o can; un can vermello e fero. Recuei para que non me atenazase, e foi cando me bateron os ollos co dono da casa.

—¿Ti que fas aquí? —díxome, con cara de ferreiro.

Nonouben que respotalle. Pensei no foguete, na procesión, en miña nai.

—¿Viñas roubar pexegos?

—Non señor, que a min téñenme dito que roubar é pecado.

O Xudío colleume por un brazo e atravesou a eira comigo cara á cociña. Eu deixábame ir. O can viña detrás, lambéndome a graxa dos zocos.

Sentámonos en candanseu tallo. Todo estaba moi limpo. A cociña caleada, sen feluxe nin arañeiras, e cun vertedoiro grande

que dá ó salido.

—¿De maneira que non viñas roubar?

—É pecado —volvín dicirlle.

—E se non fose pecado, ¿virías?

Quedei coma se me desen unha labazada. O Xudío encendeu un pito, refregou as mans e olloume sorrindo.

—Ti es o Balbino, ¿non si?

—Si señor.

—Teus pais son boa xente pero andan moi apegados á cera, son moi amigos do crego e dos santos. ¿Estiveches na procesión?

—Dela veño —respondinlle.

—¿E que sentiches?

Expliqueille que sentira as campás, os gaiteiros, o rosmar das mulleres que rezaban...

—Non, non —atalloume—. Quero dicir se pensabas en Deus e nos santos.

—Pensaba nos foguetes —díxenlle.

—Pois velaí tés: a xente que vai rezando tampouco atende ó que fai. Uns cavilan no hórreo baldeiro, na contribución, na peste das patacas; outros, tecen no pensamento as peores aduanadas, e senten ata cobiza da roupa boa que poidan levar os demais. Ti es moi novo e non entendes aínda certas ruindades. Se o zoqueiro, poño por caso, non pon tino ó que fai, cando ten o fío da macheta ou do xabreiro preto da man, tállase. Pois rezar é coma falar con Deus, que val moitísimo máis ca un par de zocos. E se Deus é

como din, xa debe ter arranxado un inferno para todos os que lle fan burla desa maneira.

Eu comecei a tremer.

—¿A ti ninguén che dixo porque me chaman Xudío? —preguntoume.

—Non, señor.

—Puxéronme ese alcume porque parolo sempre destas cousas. Todos, para o seu chaleque, saben que teño razón. Pero por fóra aldráxanme. A min tanto me ten; síntoo por eles, que parecen ovelliñas en vez de homes e mulleres. Cadaquén deulle a súa alma a gardar ó cura, e o cura non fai máis que estragarlla. Ninguén pensa pola súa conta. Pensar é pecado. Pedir xustiza, verdadeira xustiza, é pecado. E tamén é pecado ter ideas ou andar pola propia conta á procura da verdade. Pero ti es moi novo para entender algunhas cousas. ¿Vas á doutrina?

—Vou, si señor —díxenlle.

—¿E que che ensina o crego?

—Fálanos da Trindade, das oracións, da misa, dos catro infernos...

—¿E vós entendedes polo dereito todo iso?

—...

—Non todos son así. O cura de Ribán explícalle ós rapaces algo de catecismo. Algo, porque senón xa o bispo o tivese mandado sementar fabas. Pero tamén lles fai deprender xeografía, historia, costumes das xentes doutros tempos e doutros países. E ademais dilles como se plantan os bacelos, cal é o mellor tempo

para enxertar, e outras cousas. Os fregueses quérenlle. Vai cos mozos á taberna, e se cadra bota con eles un subhastado. E os mozos cántanlle a misa os días de festa. Ese si que...

Oímos ladrar o can. O Xudío ergueuse e abriu a porta. Coñecín a voz da miña nai.

Doeume o corpo todo. Meu pai malloume coa corda. Non chorei, pero sentín tamén coma se me doese unha cousa que non me doi. ¡Que sei eu! Coma se me doese a alma.

Loito

Meu tio Braulio morreu de desgraza. É certo. Pero eu non lle afinquei. Pasaron xa tres anos e inda se fala del con moita aquela. Era un home pouco dado ó traballo, dende que voltou do servizo. Moi chusco e compangueiro. Amigo da troula e das romarías. Pero morreu. E houbo que poñer loito. Todos coma curas. O meu pantalón de cada día é negro. Cada vez menos negro, porque as remontas e remendos sobrepostos son do que cadra. Tamén ando con botóns escuros na camisa. Pero vestir así ou doutra maneira tanto me ten. O que me amola é quedarme na casa os días de festa.

Chega o San Pedro, ou o Carme, e eu encerrado; metido na gaiola coma un rulo. E todo pola morte do tío. ¡Que desgraza! Di meu pai que o loito non revivece a ninguén pero a madriña comeza a bagoxar polo seu Braulio, e dálle con que era bo mozo, espelido, un anaco de pan, ¡que sei eu! E o loito segue.

Ben me acordo cando o tío Braulio chegou de África. Viña negro coma un chamizo. Sabía contos de meigas e un eito de xogos moi paveros. Semellaba un lareta das feiras. Os mozos da aldea corrían para a nosa casa con mentes de escoitalo e xogar con el. Algúns pialláronlle os moldes e arremedábano por aí.

Pero aínda que lle doía o óso para anagarse, meu tío sabía que en ningures dan pan por durmir, nin por xogar a andar de paliqe. E botouse ó traballo. Con moita tristura, pero botouse. Como non estaba afeito nin tiña gana de afacerse, andaba esmangoletado, batendo en todo de mal xenio. Por iso aconteceu o do carro. Foi por molime ó coto de Guillal e cando baixaba antepuxo o gando para manter a carga coa forcada. As vacas reviraron, saíronse do camiño e o carro deu volta. Meu tío quedou entrillado debaixo da roda. Non puido berrar sequera. Dous homes do xulgado estiverono coidando un día enteiro. O médico fendeulle a testa para saber de que morrera. Nin que o fixera para roubarlle os miolos, pois ben se sabe que o esmagou o carro. ¡Se ata tiña o cabezote do eixo espetado na barriga! Pero arre dos demos que había que facelo porque era o seu deber, e que sei eu. Renegou con meu pai e meu pai con el, pero saíu coa súa. Foi moita xente ó enterro e inda hoxe se fala na aldea daquela desgraza.

Pero eu non tiven culpa de que dese a volta o carro. Encambáronme o loito hai tres anos e con el sigo, sen poder ir ás foliadas, nin vestirme de vello no Entroido. Nunca quixen arrepoñerme por non ver chorar a madriña. Ela pensa que os

botóns negros da miña camisa fan máis levadeiro o purgatorio que seguramente atura o tío Braulio.

Na coresma sentínme máis ledo ca antes. Ó revés de todos. Din algúns que a coresma é tempo de poñerse tristes porque nos fai lembrar a morte. A nosa morte e máis a do Noso Señor. Paréceme que cavilar niso é bo para os vellos. Eu non quixera morrer novo, pero se o penso moito, tanto me ten. Disque os rapaces somos anxos. Cando morreu Pepiño de Candau, metérono nunha caixa branca, porque era un “anxo”; así mo contou a madriña. Na morte de Noso Señor cavilo algunhas veces. Arrepíame velo sangrando, encoiro, coas mans e os pés cravados á cruz. Ademais da dor é unha burla que se faga iso a alguén. Aínda que non fose Deus, igual dá mágoa ollar as súas feridas.

Non sei por que hai xente que ten un tempo para cada cousa. Tempo de tolear no Entroido e logo facer de choróns na coresma. Se non fose pola morte do tío, eu tamén sería así. “Para onde vas tolo, para onde van todos”, di meu pai. Pero como o loito faime andar de coresma arreo, cando chega a coresma de certo atopo ós demais igual ca min. Peor ca min, pois se non me divirto de verdade, divírtome coa xente, que troca de caríz segundo o calendario.

O derradeiro Entroido, debido ós meus botóns negros, paseino na casa. Mentres os demais trouleaban, eu aturaba o encerro. Vin a mascarada dende o taboleiro.

Diante chegaron os “correos”. Eran catro. Todos co seu par de luvas, pantalón branco e chaquetas relucentes. Viñan en facos

pedreses, garnidos con fitas e arreos do trinque, e cubertos de axóuxeres dende a testa ó rabo.

Petaron á porta. Meu pai abriu e díxolles:

—Non hai entrada.

Significaba que, como estamos de loito, as máscaras non darían os “vivas” nin cantarían, nin nada diante da nosa casa. Os correos deron volta.

Pero eu vin todo, porque na outra banda do camiño están os de Cordal, que como non gardan loito por ninguén e ademais diso gústalles a troula, deron “entrada”.

Non tardaron en aparecer os xenerais. Montando cabalos galloufeiros (disque lles dan viño para que anden máis rufos), e lucindo traxes rechamantes, tricornes, botas, esporas. Sobor do peito levaban cruces e outras barrufalladas de follalata e aluminio. ¡Quen vía a Tomás da Eixola! Semellaba un espeto. Nunca tiveron un cabalo debaixo de si. O ano anterior fixera de frade.

Detrás dos xenerais viñan oito ou dez músicos da banda de Orazo, tocando marchas. Tamén apareceu un coro cantando a “Rianxeira”. Un mozo levaba unha manda de foguetes e de cando en cando facía estalar algún. Os rapaces ían á pillota tripando sucos de centeo para dar coa canavela. ¡E eu encerrado...!

Un eito de xente viña detrás, ríndose cos “vellos”. Tamén eu rin, aínda que máis ben tiña ganas de chorar por non poder ir ó camiño. Rinme cunha banda de música, que non era música nin farrapo de gaita. Armaban un estroncio coma para escorrentar o

lobo. Cadaquén bruaba á súa maneira. Os instrumentos eran de moito barullo: bombos, tamborís, trompetas, fiscornios e outros. Vestían roupa vella, chea de remendos. Tiñan a cara enfarruscada de negro. Levaban tallos atados á cueira con vimbios e corres de codeso.

Despois vin chegar varias cousas: unha vaca e mais un burro axugados, turrando por un carro no que ían dous augardenteiros coa súa alquitara; noutro carro, unha morea de palla, que seis homes, vestidos con carozas de xuncas, puxéronse a mallar no chan con cadanseu mallo, mentres cantaban coplas axeitadas. E detrás dos malladores apareceu un fato de ferreiros, que pousaron no camiño unha zafra e bouraban derriba dela con martelos moi grandes, coma se estivesen domeando ferro. Disque en Sarandón e mais na Ulla arman cada estangurriada que dá xenio.

Un dos xenerais, brandindo unha espada na man dereita, berrou coma un perdido, agoirando que Xacinto do Cordal vivise por moitos anos na compañía da súa xente. E todos os dacabalo respostaron a un tempo:

—¡Vivaaaa!

Tocou a banda, cantou o coro, comezaron a bruar os dos tallos, e Cordal, amais de entregarlle algún diñeiro ó que andaba coa caixa, veuse con xerras de viño para a porta. Convidaba a treu. A xente ría, cantaba, aturuxaba. Divertíanse todos. Todos menos eu, que aturaba detrás do tableiro.

Cando rematou o Entroido, unha mañá foron todos á igrexa. Con caras de ferreiro. Porque a xente é o demo. Meu pai tenme dito que no cine hai homes e mulleres que un os ve chorar, ou rir, ou morrer, e que todo o fan de mentira. Disque non choran, nin rin, nin morren.

A xente por dentro debe andar triste ou leda por outras cousas, pero non cando llo manda o almanaque. A troula da mascarada, igual que a tristura da coresma, son para vestir por fóra, penso eu.

Dixo a madriña que o cura luxoulle a testa a todos cun chisco de borralla, mentres lles ía dicindo que están feitos de terra e que, máis tarde ou máis cedo, serán terra outra vez. Non sei a que vén ó caso. ¡Como non sexa un castigo por se teren divertido no Entroido!

Eu non tiven a culpa de que meu tío Braulio quedase esmagado debaixo do carro. ¡Por que me encambaron este loito sen fin? Ás veces penso que debe ser unha mangancha para que non saia da casa. Se foi por iso, de pouco valerá agora. Pero os botóns negros fanme cavilar. Cavilo na xente que da noite para a mañá canta ou chora, láíase ou relouca. O estar coutado sempre, obriga a ollar ós que andan por aí. Ós que teñen mesturadas as bágoas cos sorrisos. E vénsese á cabeza o que dicía Serafín, o legüeiro-enterrador: “¡Que toleirón de mundo!”

Os grandes

Debe ser boa cousa chegar a grande. Os grandes son donos de si e do mundo. Fan e desfán, gobernan, arman o merlo con guerras, negocios e canta trangallada hai. Pero, como di a madriña, “non sempre é ouro o que reloce”. Os grandes teñen as súas tristuras e desacougos. E ás veces inda nos gañan en rapazadas. De non ser así, non se encabuxarían cando lles sinalamos algo que está mal.

Se pelexamos entre nós, métense eles. Non se decatan de que as nosas liortas son nada máis que enredos. Rabuñámonos agora e de aquí a un chisco estamos amigos outra vez. Fan de xuíces e zoscan a quen cadra e como cadra, sen averiguacións. As nosas mans son pequenas e non magoan; as deles pesan, fan doer. Se deprendesen de nós non irían á guerra. Na guerra mátanse uns ós outros sen saber as máis das veces polo que. Disque guindan casas, pontes, e ¡que sei eu! Semella un xogo.

Pero un xogo con sangue e morte. E despois falan de “educar os rapaces”...

Nós vimos ó mundo cunha alforxa de preguntas. As cousas éntannos polos ollos, polo nariz, polas orellas, e queremos deprender o seu nome e significado. Mais non sempre o logramos. Os maiores cánsanse e fannos calar, ou arrédannos con algunha estrucia, do que teimamos saber. Calamos. Porque é perigoso non calar a tempo. E calquera día en calquera lugar, facémoslle a pregunta a calquera. O que debían dicirnos nosos pais dínolo un alleo. Un alleo que talvez nos guíe mal. E irá levedando a nosa vida con formento de fóra, emprestado.

Eu cavilo nisto porque me aconteceu. E acontecelle todos os días a moitos rapaces por aí adiante. Os grandes esquecéronse de cando eles eran pequenos. Se esculcasen os nosos ollos desandarían a tempo. Pero adícanse a outros problemas e non fan caso de nós.

Nunca souberon meus pais o que eu padezo ata polas cousas máis cativas. Eles lévanse ben, pero algunhas veces renegan entre si, e os seus berros abróuxanme en soños noites enteiras. Non saben o que me doe que sexamos pobres. Non por min, que penso gañar moito cando medre, senón por eles. Quixera que tivesen de todo, aínda que eu siga esfarrapado. A mamai séntalle mal a broa pero non podemos mercar pantrigo. Hai pouco vina chorando porque a couza lle picou a saia do casamento. Eu calo, engrúñome, pero esas cousas chéganme ó corazón. E tamén me aflixe ter que poñerlle cara de risa ó señor, coma se non abundase con darlle a metade do que collemos.

Algunha tarde, mentres coidaba o gando na Zanca, cavilara en irme para moi lonxe; saír cos dentes pechados á procura de diñeiro. Maldicir a pobreza. Arroutadas que se me engastallaban nos miolos. Talvez o que aconteceu despois, case sen pensar, fose madurecendo paseniñamente dentro de min, logo daquelas cavilacións.

O padriño contárame o conto dun sabio que comía herbas por non ter outra cousa, e queixábase polo mundo adiante da súa laceira. Un día revirouse e viu que outro sabio apañaba as herbas que el viña guindando. A todo hai quen gañe, para ben e para

mal. Se un home crebou unha perna, outro perdeu as dúas. Eu son pobre, pero Andrés do Canteiro inda o é máis.

Andrés ten tres irmáns, todos pequuchos. O pai bota día e noite na taberna e chega á casa bébedo. Malla na muller e nos fillos. Tenme contado Andrés que algunhas noites de xiada tiveron que saír tremendo pola porta para fóra, pois seu pai andaba tras deles cunha navalla. Botaban ata catro días sen comer. E xa teñen ido pedichar pola aldea.

—¿E túa nai non se arrepción? —díxenlle un día.

—¿Como se vai arrepoñer! ¿Ti queres que a balde? Ela treme como unha vara verde cando o ve chegar.

—Tes que ser grande...

Andrés riu. Coma se para ser grande non tivesen que pasar anos. Porque o tempo non acelera nin se detén. Marcha sempre ó mesmo paso. E segundo o que procuremos detrás del, pode parecer nos que bole ou que demora.

América

Hai moitos meses que meu irmán Miguel marchou para América. Inda me lembro de cando se despediu de nós. Miña nai, a tía Carme e a madriña choraban. Meu pai estaba serio coma un pote. Nin bágoas nin risadas: os homes son homes. O padriño non quixo ir. A Celia, que está servindo en Loxo, mandámoslle recado pero non a deixaron vir os señores.

Eu estaba no medio de todos. Ninguén facía caso de min. Bulían a darlle consellos ó viaxeiro mentres non chegaba o coche de liña. Miguel dicía a todo que si, con cara de “tanto me ten”. Collinlle unha man e púxenme a contarlle os dedos para un lado e para o outro, dende o gordo ó meimiño. Non dei chíó pero gustábame que Miguel marchase. Despois contaríame moitas cousas. E eu diríaas na escola. Como non me atendía, turrei por el para unha beira. Anagouse e díxenlle ó pé da orella: “Eu quero que te vaias. Mándame unha carta dende América e cóntame historias de alá”. Sorriu, púxome unha man na cabeza e esgarabelloume no pelo. Sentín coma un proído de sarabullo no corpo todo.

Escoitamos a buguina do “Modelo”. Viña a todo meter, cun eito de caixóns e cestos derriba. Miña nai e mais a madriña dábanlle bicos e apertas a Miguel, e seguían choromicando. Meu pai ergueu a maleta ata onde estaba o revisor. Unha maleta noviña, feita polo carpinteiro de Quintela. Despois apertou contra si un instante a meu irmán. Antes de meterse no coche, Miguel colleume polo pescozo, deume un bico na cara, e cun “abur, Balbino” fuxiu coma un lóstrego. Eu quedei feito un papón. Non souben dicir nin facer nada. Arrincou ó xeiteniño o “Modelo”. Miguel axexaba para nós mentres abaneaba un pano da man.

—Non deixes de ir á misa —berroulle a madriña.

—Deus te acompañe; ¡non te botes a perder! —dixo miña nai, mentres enxugaba as bágoas.

E a tía Carme guindoulle o seu derradeiro consello, que non entendín ben:

—¡Ten tino coas mulleres!

—Deixádevos de berros —terzou meu pai, mentres me collía por unha man—. ¿Pensades que vos escoita? ¿Non vedes a onde chega xa o coche?

O “Modelo” corría. Semellaba unha nube voando a rente do chan, por entre os piñeiros, por entre as viñas. Miguel ía dentro.

Pasaba o tempo e non viña carta. Miña nai rezaba día e noite, e ofreceulle unha vela á Virxe do Carme para que non se afundise o barco onde meu irmán viaxaba. Ata que un día a carta chegou. Miguel estaba ben. Traballaba na tenda do tío Xaquín. Vestía decote con roupa de garda e zapatos. Ademais folgaba os sábados pola tarde, andaba nun coche de liña e comía pantrigo, queixo e compango todos os días. Iso si que era vida.

—Cando medre, voume para América —dixen.

E meu pai atalloume:

—Cando medres deprenderás un oficio e farás por vida aquí, sen andar batendo o zoco polo mundo adiante.

—¿E logo Miguel?

—Miguel xa está. E con un fóra abonda.

Eu pensei no pantrigo, no queixo, na roupa boa. Disque se pasan nove días sen ver terra. Nada máis ca auga día e noite.

O padriño, que é de poucas falas, estaba sentado ó pé da lareira; revirouse para dicirme:

—Atende, neno. Quero que metas nos miolos o que che vou dicir. Deprendino cando era novo coma ti:

*Ás Américas van os homes,
ás Américas para gañar.
E as Américas aquí as teñen
Os que queiran traballar.*

Calei. Farto estou xa de que me digan que son pequeno para entender certas cousas. Talvez iso de ir ou non ir para América fose un lerio de xente grande. Hai que medrar. Arredeime da conversa. Púxenme a esnicar coa navalla nunha carola de nabo que atopei debaixo da artesa. Meu pai e mais o padriño seguiron latricando.

—Eu fállolle deste xeito ó neno, pero teño para min que América é outra cousa —dixo meu pai—. Hai outras oportunidades. Pode un chegar a rico se ten cachola e sabe aforrar un peso. É que poñen tantas impedimentas para irse, que senón...

—Ti non sabes o que dis —atallouno o padriño—. Na América non hai mellores vantaxes das que temos aquí. Dígocho eu, que botei anos dabondo por aquelas terras. América é un ichó. Os que caen nel non avisan ós que chegan detrás. Primeiro pérdense costumes, xeitos de vida do país de orixe. Pérdese a alegría.

Rematando, as máis das veces, por perdelo todo. É coma cando se arrinca unha árbore e se deixa coas raiceiras encoiro, sen terra.

Meu pai falou dos que veñen de alá con diñeiro e botan por ela mercando casas e de canto hai. E o padriño díxolle que moitos máis eran os que non podían voltar, e que para morrer pobre máis valía pechar os ollos onde un nace. Contou que algúns dan risa e noxo cando aparecen co seu falar, e cadeíña de ouro darredor do bandullo, e un coche que queren meter polas corredeiras. ¡Ten cada retróneca o padriño! Cando papai lle apuxo non sei que dos que eran máis traballadores, ergueuse das cuñas:

—Alí todos traballan máis da conta —dixo—. Pode haber algún preguiceiro, pero unha abella non fai enxamio. Os nugalláns non se van. Saben que en ningures choven moletes cocidos, e polo si ou polo non prefiren folgar na aldea. O que traballan de máis os emigrantes axuda a medrar a outros. E embrutéceos a eles, que coidan ter chegado ó mundo para turrar día e noite dun xugo. Como di o refrán: “nin xo que pare, nin arre que fuxa”. Aquí escoitaban o bombo en calquera souto e deixaban todo para irse de troula, e alí traballan arreo, sen saber moitas veces nin cando é domingo. Eu paseino. Con igual esforzo houberan estado mellor na propia terra. E vivirían no seu, sen botarse a perder.

Calaron un chisco. Eu seguí a cavilar no pantrigo e no queixo. E na boa sorte de Miguel. A meu pai non lle cocía o corpo deixar todo aquilo sen aclarar e dixo que a xente moza rabeaba por andar mundo e ilustrarse, e foi cando o padriño ceibou outro

sermón dos seus, dicindo que o máis malo era que fose a mocidade a que se vai. E que ogallá se tratase dunha tolemia de vellos, porque os vellos dan perda, pero vaise a xente que traballa e o país está cheo de vellos e nenos. Tamén dixo que iso de ilustrarse eran contos de feira, pois moitos dos que emigran cando se van son persoas que teñen bo xuízo para entender e razoar moitas cousas e que despois se volven monifates. Contou que cambian a fala trocándoa por unha requinaeterna que nin eles entenden. O padriño fixo a comparanza cun merlo nunha gaiola. Disque podemos mantelo á nosa maneira e facerlle asubiar o “tiroliro”, pero non se afai. Un día ríspase para o monte e no monte é un alleo, un merlo botado a perder. ¡Iso do merlo si que estivo pavelo!

Meu pai dixo que se a xente non marchase, aquí non se cabería.

—A xente ben cabe —respondeulle o padriño—. O país está sen explotar. Se da noite para a mañá non deixasen saír a ninguén, fariamos unha revolución que é o que cómpre, e todos viviríamos como se merece, sen andar esmiñatando en terras alleas.

Seguiron a fiando o peteiro. Cadaquén coas súas razóns. Eu marchei para a eira. Aquela conversa non me chistaba. Entendín algunhas cousas. As máis delas, non. Lerios para homes de barba. O padriño guindaba berros abrouxantes. Meu pai case non podía meter baza. E todo porque eu dixera que iría para América cando fose grande. O que son as cousas. Faime lembrar o lume. Un misto pequeniño pode queimar un palleiro ou unha zanca.

Coa carola de nabo fixen a cara dun macaco. En cadanseu ollo metinlle unha faba tarabela. Púxeno nun burato do valo, coma un santo.

A Miguel tamén se lle daba por facer macacos, e carros e arados de casca de piñeiro. ¿Faraos na América? Talvez non lle deixe o tío Xaquín. E tampouco lle deixaría escribir. Mandou unha carta nada máis. ¿Cando me escribirá a min? Quero que me conte historias de alá. Quedamos niso cando se foi. Ó mellor esqueceuse.

Pachín

Nun tempo disque falaban os animais. Andrómenas. Está ben que se lle conte a nenos da teta, pero non a min que levo rillado catro codias. Todos os días estase a refacer a verdade. Fai unha chea de tempo que non oio falar seriamente do “Anxo da garda”, nin dos Reis Magos. E quen sabe cantas cousas máis que hoxe teño por certas irán cambiando en min. Voume afastando do berce, coma quen di.

Boa estaría que os animais falasen coma nós. Os paxaros, o gando, as lebres. ¡Que rebumbio! Talvez se entendan sen conversar, ou non precisarán entenderse. Hai moitos homes e mulleres que parolan na mesma linguaxe e tampouco se entenden.

Miña nai tenme dito que lle gustaría ver, sequera por un intre, o río baldeiro, sen auga. A min, tamén. Pero aínda me

houbese chistado máis escoitar un parrafeo entre vacas, porcos ou galiñas... ¡Cantas cousas se cavilan! E todo dende que tiven a Pachín.

Porque Pachín si que falaba. Á súa maneira. Falaba cos ollos, co rabo, coas patas. Eu entendíao tan ben coma se pronunciase palabras. Non parecía un can. Tiña entendemento de persoa.

Antes de nacer eu, tiveran o Rabeno. Déranllo ó padriño en Silleda. Disque era grande, fero, requestado do lobo. Miguel coñeceuno. Pero un día o Rabeno adoeceu e houbo que matalo. Meu pai zorregoulle un tiro coa escopeta, detrás do palleiro.

Pachín era pequenote, marelo. Tiña unha penca no fuciño que lle lucía moi pavera cando trizaba. Gustáballe barullar pola mañá. Un xeito de saúdo. Os seus ladros de chós ían dirixidos ás árbores e ós paxaros. ¡Como se divertía choutando pola eira adiante!

Disque cando un can ouvea é porque venta morte. Pachín nunca ouveaba. Ou tiña mal as ulideiras, ou cicais non lle chistase pregoar enterros. El era alegre, compangueiro. Faltáballe rir. E riría, digo eu, pois en veces recachaba a dentamia coma quen está ledó.

Non había can máis chusco na comarca. A todos lles gustaba. Déranolo o Zoqueiro de Ribán, en pago de terlle cravuñado meu pai unha gadaña. Tróuxeno eu no colo.

—Ha de ser fero —non sei quen dixo—, porque ten negro o ceo da boca.

Pero non acertou. Pachín talvez botase de conta que está mal andarlle trabando as canelas á xente. Alporizábase se o encirraban, mais non era de usar os dentes para atenzar a ninguén.

Cando me deixaban só na casa, xogaba con el. Corriamos xuntos pola horta coma se estivésemos perseguindo coellos. Despois sentabámonos ó pé da cerdeira grande. A min esvarábame a suor polas fazulas, e Pachín folguexaba de présa, coa lingua fóra.

Algúns rapaces sentían envexa. Amoláballes que eu tivese un cadeliño así. Pachín decatouse e resolveu non aturarlle brincadeiras a ninguén. Cando un xalgarete lle guindaba pedras ou o encirraaba, íaselle enriba coma un lóstrego, rosmando, cos dentes regañados.

—Non tolees, Pachín —dicíalle eu—. Ti non mordes pero abúralos; méteslles grimos e un día vante derrear.

Pachín poñíame as patas dianteiras no peito, mirábame cos seus ollos grandes e abaneaba o rabo. Era coma se baduase: “Ti déixame, que ben sei o que fago”.

Miña tía Carme vai á fonte coa sella todas as mañás. E amais da auga trae decote algunha nova. Un día contou que atopara chorando á muller do ferrador, porque a noite pasada entráralle o raposo no galiñeiro e arramplara con nove galiñas. Primeiro remexeu nas lousas do cumio, e vendo que a ripa era tupida, deu na estrucia de abrir un tobo por debaixo da porta.

Aquela mañá eu fora co gando á Zanca Vella, e mentres procuraba niños achei nunha toxeira o “depósito” do raposo. As nove galiñas estaban alí, mortas. Darredor había sangue e plumas.

Deixei o gando e fun a valmontes ó lugar do ferrador para contarlle a topadela. Pachín corría á miña beira. Un veciño, que é cazador, dixo que cumpría facer as cousas con moita cautela, pois se o raposo se decatara de que lle deramos co almacén, non habería maneira de vingarse del.

Foron ver o boticario, quen pediu que lle levasen polo menos dúas galiñas. Así se fixo. Cortoulles o pescozo e meteulles dentro un solimán. Pousáronas outra vez na toxeira con mentes de envelenar o raposo. Pero non aconteceu así. Quen apareceu morto de alí a dous días na Zanca Vella foi Pachín; o meu amigo Pachín.

Cando o vin sen alento, estarricado entre unhas queiroas, non quería dar creto ós meus ollos. Como soño tantas cousas, pareceume por un instante que estaba a soñar; que non era certo. Pero non soñaba. Pachín morrera. Caera na trampa que fora arraxada para o raposo.

Tróuxeno do monte. Cunha legoña abrín na horta un burato fondo, alongado, e deille terra ó seu corpo. Coido que chorei. Non me avergoño de dicir que chorei. Fun acochándoo ó xeitiniño coa terra fresca. Coma se o cubrise cunha manta.

A xeito de lousa plantei unha cerdeira derriba do meu amigo. Cando abrollou, coidei ver en cada gromo un ollo ou un dente de

Pachín. E pareceume que dende as raíces chegaban uns ladriños agarimosos.

Rebusque

Pasou a festa do Carme sen que eu puidese ir ó souto. Xa estou afeito a quedarme na casa, coma nunha prisión. O que máis me doe é que a ninguén lle importe de min. O loito por meu tío Braulio semella un adival que me atafega.

Pola mañá fun á misa coa madriña. Quixen negarme pero ela colleu un baloco e arremeteume con el. Non me puider rispar. A madriña decote me fala do inferno, onde disque hai fornos que non se apagan endexamais, e rodas de coitelos que pasan tallando arreo nas almas da xente ruín que vai para alí. Alporízase cando lle replico ríndome desas historias de meter medo. Ponse coma unha denosiña. Todos os domingos acontece o mesmo. Parece coma se os pais e os padriños dun nacesen para levarnos a onde non queremos. Eu nunca teño gana de ir á misa, nin de rezar o rosario pola noite. Pero arre dos demos que debo facelo.

Fomos, pois, á misa de cedo. A cantada era ás once, pero o loito non permitía asistir a ela. Pola tarde xoguei só á billarda na eira, e cando anoiteceu subín ó faiado para ollar o souto da romaría dende o ventanuxo.

Alí estiven un bo anaco. Corría unha maina bafaxe que me refrescaba a testa. Un eito de grilos e sapos barullaban na horta.

O souto estaba alumeado con faroliños moi paveros... Tocaban a banda de Arca e mais a de Ribeira, e a xente bailaba. Aturuxos, cántigas, berros de nenos, foguetes, ulido a pólvora. Todo chegaba ata min. Os faroliños abaneábanse no aire. Por entre a xente e os carballos erguíase un nubeiro de po que logo se espaxiaba.

Moitas pezas das que tocaron as bandas xa as tiña oído. O eco resoaba lonxe, no fondo da carballeira. Semellaba que unha recovaxe de pantasmas fuxise con aquel balbordo nos ombreiros. Eu, en veces, sentíame voar, coma se a música me arrincase do faiado e me levase polo aire. No ceo relucían ducias de estreliñas. Parecía que axexaban para o rebumbio do souto. Quedeime ollando unha que escintilaba máis que as outras. Imaxinei que turraba por min. Sentínme xunguido, abrazado a ela. Deille un bico e de alí a pouco bailamos os dous, ó son da música...

Pedro chosco rebulíame nos ollos. Madrudara para ir con meu pai ó monte, e tiña sono. Causoume risa aquilo de bailar coa estrela. Boteille unha ollada derradeira ó souto. A xente seguíase divertindo. Os faroliños reloucaban. Pechei o ventanuxo e funme deitar. Dende a cama oía a música. Cavilei no rebusque. Xa que non fora á festa iría rebuscar. Polo San Roque atopara cinco pesetas e un pano da man.

Soñei co meu tío Braulio. Non morrera, fórase outra vez para África. O do loito era unha argallada da madriña e de meus pais

para terme coutado. Andrómenas que espernean nos miolos mentres un dorme.

Erguinme ben cedo. Caladiño e de présa lisquei para o souto. Outros rapaces acostumaban ir tamén ó rebusque, pero aínda non chegara ningún.

O chan estaba todo esgarabellado. Sempre quedaba así despois das romarías. Había tapiñas de botellas e anacos de papeis por entre os carballos. A herba e algunhas matogueiras estaban tripadas. Os carros de polbo e de viño deixaran a fochanca das rodas. Había ulido a verde. Ulido a fiuncho, a névedas, a monte orballado. O sol comezara a aparruñar por detrás do coto e viña esparexendo raiolas. Mirei darredor e non vin a ninguén. Pensei no que cambian as cousas dun día para outro. Na véspera semellaba aquilo un formigueiro. Agora estaba eu só. Coma se todos houbesen morto, ou non foran máis ca unha visión da santa compañía. Coma se eu non tivese nada que ver coa natureza daquela xente. ¡Cavila un cada cousa! O sol e mais eu gavexando no souto. ¿Viría o sol tamén ó rebusque? Polo menos víñame alumear.

Dei varias voltas arredor do palco da música; andei un anaco do camiño, percorrín o campo todo e non atopei nin frangulla. Xa voltaba para a casa, polo carreiro, cando me bateron os ollos nunha cousa que relucía ó pé dunha matogueira de abrótegas. Achegueime e boteille a man. Era unha caixiña de pau moi feituca. Tiña un pecho de metal branco.

Brincábame o corazón. Sentín nas pernas desexos de botar a correr para contarlles a todos a miña boa sorte. Nunca tivera nas mans cousa tan bonita. Pero deseguida o pensei mellor. Nin ben chegase á casa con aquela alaxe, todos, encomezando pola madriña, faríanme buscar ó dono para darlla. Eu non sería quen de roubar, pero o que se atopa non é roubo. Ademais non era un fouciño, nin unha eixada, nin un fataxo de cartos. Así e todo, tiña coma un anoto en min. Non me importaba o dono da caixa. Doíame ter que calar a ledicia que me aburaba.

Boteime polo monte abaixo. Atravesei o camiño, metinme leiras adiante ata chegar á beira do río. A xente, como estivera de troula na véspera, despreguizábase tarde. Procurei que non me vise ninguén.

O sol xa pelaba. Todo estaba quedo. Só se oía o barullo teimoso da auga que facía remuíño nunha pena, e o rechouchío dos paxaros mañanceiros.

Quedeime coma un papón ollando a caixiña. ¡Que xoguete máis chusco! Era alongada, lustrosa, feita dunha madeira con vetas amarelas. Sacudina. Estaba pechada. Dentro movíase algo que fixo acirrar a miña curiosidade. Rabiaba por abrila pero non podía, a menos que crebase o pecho.

Aquel si que fora un rebusque con boa sorte. Mais, ¿que faría coa caixiña? Primeiro ocorréuseme levala para a casa e gardala no palleiro ou na barrela, entre os billardos. Pero, máis tarde ou máis cedo atoparíanma. Por iso a escondín no resío. Recachei

unhas matogueiras e ó pé da raíz, cunhas follas de fenta darredor, enterrei na area o meu tesouro.

—¿Onde estiveches? —preguntou miña nai.

—Fun ó rebusque —díxenlle.

—Ti si que es un bo rebusque... ¿E que atopaches, aire de riba?

—Non atopei nin un chavo, pero se non me deixaron ir onte, polo menos...

—Non te esquezas que estamos de loito.

—... quixen ver o souto despois da romaría.

Coidei que me berrarían máis. Xa estou afeito. Pero meu pai non deu chío, nin a madriña.

Botei o día pensando na caixa. E pola noite soñei con ela. Soñei que a abrira coa axuda dun cerralleiro. Dentro había moedas de ouro e tamén pedriñas de moito valer, iguais ás da hucha do Montecristo —un señor moi rico que disque anda nun libro que ten o Xudío—. Soñei tamén que fora a Santiago mercar un avión. Un avión de certo. Deprendín a guialo e boteime polo mundo, dacabalo das nubes. Fun a Lavacolla, Madrid, Francia, que sei eu. O avión era suave e avantaba coma un miñado. Ás veces parecía que me ía esnafrar contra un penedo, ou caer feito un palloco en calquera leira, pero non pasou nada. Malia que cando estaba no mellor, cando chegaba a América para ver a meu irmán Miguel, espertei. Na beira da cama estaba meu pai.

Oínte latricar e vin —díxome, sorrindo—. Falabas de “caixa”, “avión”, “ouro”, ¿que estabas soñando?

—Non sei. Trangalladas. ¿Ou é que non podo soñar por mor do loito?

Meu pai volveu sorrir. Acochoume e foise. Pola mañá levei o gando a pacer ó monte aberto. Cavilei arreo na caixiña. Non a puiden arrincar do pensamento. Sentía ganas de collela na man, de acariñala. E despois de soñar, ardía co degaro de abril. Case xurei que lle daría aínda que fose cun croio para saber o seu contido.

A mañá pareceume máis longa ca nunca. Non pasaba o tempo. Non me entretiñan paxaros nin asubiotos. Os meus sentidos estaban no resío. Cada toxo, cada codeso ou xesta parecíaseme á matogueira onde pousara o tesouro.

Por fin moscou o gando. Vinme para a casa e disimulei canto puiden a miña inquedaanza. Nin ben cheguei, collín unha sachá e dixen que ía tornar a auga ó prado.

Fun ó resío correndo. Pousei a sachá e dispúxenme a visitar o refuxio. Non tardei en chegar á matogueira. Esgarabellei na area ata dar coa caixiña. Alí estaba, bonita, relucente igual que na véspera. O corazón latexábame forte. Alí estaba, si, coas súas vetas amarelas, o pecho de metal, e aquel chouqueleo de dentro que me tiña alporizado. Lembreime das moedas de ouro e do avión. ¡Que cousas soña un! Así e todo, non me atrevín a crebar a pechadura, aínda que me proía a gana de facelo. Os ollos non se me cansaban de mirala, nin as mans de darlle aloumiños. Cheguei a quererlle máis que a todos os da casa. Para min era coma unha estrela. Unha cousa á que se lle quere moito e non hai

maneira de dicirlllo. Nunca tiven sorte. Nin xogando á estornela, nin nas rifas da escola. E de súpeto, a caixiña. Máis sorte ca ninguén. A boa sorte toda xunta.

Erguinme e botei unha ollada darredor. Estaba só naquel anaco do resío. Todo o ambiente pareceume fermoso. Coma se estivese no ceo, ou algo así. Ulido a fentas, rebulir da auga, ir e vir de bolboretas.

Pero tiña que marchar. Era tarde e non quería que ninguén me vise alí. Deille un bico á caixiña e enterreina outra vez na area, con mentes de voltar a xunta ela pola tarde. Collín a sacha e enfiei cara ó prado.

O sol queimábame a testa e a caluga. Tornei a auga e guieina polas birtas, arredando restroballo e follatos. Meu pai non me deixaba facer os labores de viña, nin arar, pero afixérame a coidar o prado. Mentres corría a auga senteime á sombra dun ameneiro. Baixábame a suor a trouzos. O tempo acababa de poñerse de treboada. Uns nubeiros escuros acochaban o sol. Coa sacha ó lombo boteime polo camiño. Inda non chegara á casa, cando sentín caír pingueiras coma cocos.

Chovía a reverquer. Arroiaban os camiños. Polo Castro abaixo baixaban croios e molime. Os lóstregos e os tronos sacudían o mundo. Choveu a tarde enteira. E toda a noite.

Pola mañá seguía chovendo. Dende o meu cuarto vin o río fóra do seu sitio. Fóra do resío, ruxindo, esnicando xa na cabeceira do agro. ¡Pobre do meu tesouro! A enchente barrera con el!

Cando escampou e o río foi baixando, acheguémelle.

Tiña ganas de pedirlle contas pola súa aduanada. Arramploume a caixiña. Levoume a alegría; a ilusión de que era por fin un rapaz con boa sorte porque atopara algo no rebusque do souto.

Alá se foron as moedas de ouro e o avión. Soñei día e noite, para nada.

A matogreira estaba descaída, coas follas murchas, reviradas, cubertas de lixos. Senteime ó pé dela. Levei as mans á cara e boteime a chorar.

Eladia

Un día fun á feira coa tía Carme. Sempre me gustou ir á feira, anque tivese que levar un quino pola trenla ou apandar coa cesta de pexegos que me poñían derriba. Pola noite chegaba canso pero ledó, porque xantabamos con polbo, e no remate mercabamos algunha chilindrada. Esa vez miña tía levoume para que cargase á volta cun feixe de repolos. E máis me valera non ter ido. Cando atravesei a praza do barro, vin a Eladia. Estaba escollendo unhas cuncas de talaveira. ¡Eladia! Se na miña casa soberan... Xa daquela tiven ganas de fuxir. Irme unha noite e voltar cando fose mozo. Cando puidese falar a oito con todos. Co tempo funme esquecendo daquilo ata que, coma quen esnica unha frida, bateron de novo os meus ollos en Eladia. Faltoume

pouco para berrar. Marcheime a escape por entre os carros, para que ela non me vise.

Algúns veciños tíñanme preguntado por que deixara de ir á escola.

—Tanto como che gustaba ler.

—Tan boa memoria que tiñas...

—Xa dependín todo. Non hai máis para onde ir —dicíalles eu en xolda para que calasen.

Hai cousas que non entendo. Talvez teña que medrar para entendelas. Cousas que van aparecendo en min, cousas que vou sentindo a medida que pasa o tempo. Non sei por que pero dáme vergoña falar delas na casa.

Lémbrome do día que cheguei por primeira vez á escola. Levoume miña nai pola man. Don Alfonso, o mestre, anotou nun papel o meu nome, fíxome varias preguntas e sentoume nun banco con outros rapaces.

Eu xa deprendera algo. Coñecía a folla dos cristos e sumaba. Esas pequenas vantaxes gustáronlle a don Alfonso, quen me puxo a estudar deseguida. Non tardei en pasarlles diante a todos.

A escola está no pazo da señora Isaura. Éntrase por un portal que cae en anacos. Hai un curro con plantas de chuchamel e dúas nogueiras moi grandes. As escaleiras do patín son de pedra, con carriza nas xuntas, pola chuva. É grande a escola, pero está case sempre baldeira. Van poucos rapaces. Ás veces non vai ningún. “Con que deprendan a poñer o seu nome, para fozar na terra abóndalles”, di a xente.

Don Alfonso era ruín. Explicaba pouco e zoscaba arreo. ¡Que maneira de mallar e de turrarnos das orellas! A madriña di que “a letra con sangue entra”, ou sexa que dá por ben feito o noso amolecemento a xostregadas.

Moitos rapaces lataban; non ían á escola porque tiñan medo. E porque non entendían o falar de don Alfonso. Disque viñera da Andalucía. A min tamén me custaba entendelo. Bulía moito e botaba as palabras polo atallo. Para máis, era roufeño. El tampouco entendía a nosa fala. Por iso se erguía das cuñas, alporizado, e berraba coma se tivese o boubín.

O Xudío, que non llas cala a ninguén, apañou un día a don Alfonso e díxolle de cantas hai.

—¿Vostede pensa que os rapaces son cuxos? ¿Coida que está ben andar a vergallazos con eles? Vaia sabendo, meu señor, que tales asaños acabaránselle axiña. Virán, de vez, as cousas a onde teñen que vir. Se non entende váiase para o seu país. Nós non imos trocar de lingua. E outra cousa: acabe dunha vez de meterlles na cabeza reis e pelexas que non lles serven para nada. Ademais, déixese de ensinarlles rezos e catecismos. A doutrina que a deprendan na casa, se os pais queren. A escola é para o que é. Non hai volta que darlle.

Despois dese responso falou o Xudío con algúns veciños, e anque lle tiñan tirria, déronlle todos a razón. Firmaron xuntos un papel que non sei a onde mandaron, pedindo que levasen da aldea a don Alfonso. E denantes de que pasara un mes xa se fora. Á volta de pouco, chegou Eladia.

Eladia é moi nova. Terá vinte anos, digo eu. Parece mentira que sexa mestra con tan pouca idade. Naceu en Betanzos. E fala galego connosco. Eu deseguida lle collín cariño. Tan agarimosa, tan rideira.

O día que chegou foron á escola moitos veciños. Todos lle dixeron que estaban dispostos a axudala no que fixese falta.

—Moitas grazas. O que quero, por agora, é que manden os nenos á escola —respondeu, coa súa fala manseliña.

Despois preguntounos varias cousas. Eu quería que se fixase en min. E fixouse, porque lle respotei mellor que ningún uns lerios de Historia.

—Balbino —díxome—, ti es o máis adiantado. Non collas fachenda por iso, pois todos ignoramos máis do que sabemos. Se algún día me amalo, ou teño que viaxar, ti estarás no meu sitio.

Púxenme ledo coma unha pascua. Os outros rapaces olláronme con xenreira.

Na miña casa estaban abraiados cos esforzos que eu facía para ir todos os días á escola. Moitas veces téñome erguido ás tres da mañá para escadullar ou xuntar monllos. Enxagoaba a cara no regueiro e ás nove estaba no pazo, cos brazos cansos, as mans cheas de talos e o proído das esganas no pescozo.

Eladia parecíame un anxo; unha criatura baixada do ceo, sen azos para facer mal a ninguén. Unha aveláña branca. Non me fartaba de ollar o seu pelo, crecho coma un niño de carrizo, as mans xeitosas, polidas, a cariña, os ollos, o corpo todo... ¡que sei eu! Quixera estar decote con ela, sempre á súa beira. Un día

deume un bico porque souben explicar o descubrimento da América, e sentín un agurgullar no peito. Nunca me pasara tal. O corazón batíame de présa e foi coma se me estordegase o sangue no corpo enteiro.

Na parroquia todos dicían que eu era moi espelido, e que debía estudar unha carreira en Santiago. Á xente gústalle dar ó peteiro. Para estudar na vila hai que ter cartos, e meus pais son pobres. Deprendín moitas cousas, é certo, pero o único valemento que tiñan para min era ser estimado por Eladia.

Eladia vivía nunha casiña nova que hai preto da igrexa. Tiña consigo unha irmá, moi fea a pobre, que só a viamos na misa dos domingos ou cando regaba un xardín que tiñan diante da porta. Eu pasaba por alí asubiando á cerrada da noite, sin ir para ningures, e con disimulo pescudaba se os ollos da mestra estaban axexando detrás dalgún vidro. ¡Que ían estar! Moi lonxe se atopaba ela dos meus degaros. No fin de contas eu era un neno...

Un día Eladia non apareceu na escola. Os demais rapaces voltáronse, pero eu fun á casa dela. Corríncanto me deron as pernas. Cavilei mil cousas. ¿Iríase da parroquia sen avisar? ¿Morrería? Endexamais rezo, nin sequera cando a madriña me obriga, pero neste apreto recei e ata ofrecín un peso ás ánimas. Cheguei boquexando. Abriu a cancela a irmá e díxome que era só unha gripe. Deixoume pasar. Eladia estaba na cama. ¡Que cuarto máis chusco! Cadros, xerriñas, flores. Naquel ambiente de roupas de seda e paredes caleadas sentín vergoña dos meus zocos e

remendos. Quedei coma espetado no chan, sen dar fala. Ela sorriu e chamoume:

—Achégate, Balbino.

Estivemos falando un bo anaco. Da escola, dos trafegos da terra, da vida miserenta do labrego. Contoume como vive e traballa a xente do mar. O pai dela era pescador e morreu afogado. Baixáronlle dúas bágoas polas fazulas. Viñéronme ganas de enxugarllas co pano da man, pero non me atrevín. Tampouco lle puideron dicir todo o que quixera. O corazón comezoume a troupelear e trabóuseme a lingua. Son un medoso para todo.

Na miña casa puxéronse ledos porque eu, un rapaz tan novo, ía á escola en lugar da mestra.

Traballo me custou imporme ós meus compañeiros, que me chamaban “o sabio”, e outras cousas, pero conseguino. Levaba tres días á fronte da escola. Na parroquia nunca tal se vira, e todos me tiñan certo respecto. ¡Se souberan do meu desacougo! Estudaba porque era o único camiño para que Eladia me apreciase. Ó terceiro día sentinme máis seguro, máis forte. E o meu desespero levoume a gabexar nos caixóns da mesa de Eladia. O primeiro que atopei foi un pano da man. Tiña o mesmo arrecendo da súa chombra. Gardeino. Tamén collín un retrato dela, pequeniño, onde aparecía rindo, apertando contra si un ramallete de caraveis.

Durmín aquela noite co pano de Eladia debaixo da cara. ¡Que ulido máis agradable! Ó retrato deille moitos, moitísimos bicos. Era coma se estivese ela alí, rindo, ollándome. Soñei que xa

chegara a mozo e que iamos casar os dous. Eu tamén era mestre. Tiñamos cadansúa escola. Eladia dábame apertas, facíame cóchegas e ata durmiamos xuntos. ¡Que cousas se soñan! Ás veces inda era mellor non espertar...

Todas as noitiñas ía á casa dela para contarlle como andara a escola. Desexei que seguise así máis tempo, pois aquelas visitas, palicando case de igual a igual, os dous sós, eran para min unha regalía. ¡Cantas veces estiven a pique de contarlle o meu sentir! Pero non me atrevín. Era coma se un ferro quente atravesado na gorxa me coutase a fala. Tremábanme as pernas, sentía unha friaxe na testa... e calaba. Tiña medo de que se rise de min, ou que se anoxase e lle fose coa historia a miña nai. Saberíanos todos e tería que fuxir da aldea.

Un domingo —xa ela andaba ben—, vina pasear pola beira do río de ganchete cun mozo. Sentín moita tristura. Déronme ganas de ir alí, atravesármelles diante e aldraxalos. Pero non o fixen. Agardei a noite. Estaban sentados no xardín. Fun indo con cautedade a rente do valo. Non me viron. Parolaban moi quedo e non entendín frangulla. Había luar e vinos moi xuntiños, bicándose. Voltei para a casa encabuxado, chorando. Tentado estiven de rachar o retrato de Eladia e de guindar o pano da man na corte, pero agarimeinos máis ca nunca.

Ó outro día non me puiden erguer. Tiña moita febre, doíanme as pernas e a cabeza. A madriña fíxome un eito de remedios.

—Xa vos teño dito que a este rapaz algo raro lle acontece —berraba contra meu pai—. Hai tempo que o vexo aqueloutrado,

ensumido, feito un pistraca. Vosoutros arre dos demos que é porque se ergue cedo, traballa moito e vai arreo á escola. Non sei que é pero non me chista.

Por varios días estiven papando as manxorradas que a madriña quixo. Eladia veume ver, acompañada daquel home a quen eu aborrecía. Acochei a cabeza e non quixen atendelos. Miña nai convidounos con augardente e fixo cumprido con eles contándolles a nosa vida. A min dábame tirria e vergoña.

Un día, vendo que non melloraba, trouxéronme o médico de San Mamede. Miroume os ollos, a gorxa, palpoume o corpo todo e mandou que me desen unhas boticas que meu pai foi buscar a Santiago. De alí a pouco erguinme e comecei a andar por fóra. Non vira máis a Eladia e rabiaba por vela. Quería dicirlle a causa da miña doenza e de camiño pregarlle desculpas por non a ter atendido cando me veu ver. Pero deseguida souben a verdade. Petei na porta da súa casa e non saíu ela nin a irmá. Ata que un veciño mo dixo todo. Eladia fórase da parroquia para non voltar máis. Fora casar moi lonxe, co mozo que a viña ver.

Foi coma se caese un penedo derriba de min; sentín ganas de morrer ou de fuxir. Era coma se tivese o peito baldeiro. ¡Que sei eu! Hai cousas que por máis voltas que lle dou non logro entendelas. Sempre me parecía ver a Eladia cando me atopaba con algunha moza semellante a ela. Unha noite soñei que había unha feira ou foliada onde todas as mulleres eran Eladias. E despois comezaron a gustarme, aínda que non tanto, outras mozas. ¡Coma se eu fose un mozo!

Xurei que non iría máis á escola. E non fun.

Entre as follas dun libro puxen o pano e mais o retrato.

Pero o que eu non contaba era atopar a Eladia na feira. O tempo fora amainando os meus recordos. E agora espertaban todos supetamente. Porque o tempo o mesmo cura feridas que fai apodrecer árbores.

O fumazo

Ese ano deixáronme ir. E eu sentín un desaforo coma se tivese medrado de súpeto. Non era para tanto, pero como sempre me tiñan coutado...

Comigo ían Secundino, Lelo e Moncho. Despois axuntóusenos Serafín do Pesco. Levabamos cordas e fouciños. Eu collín na espeteira o máis novo, acabado de cravuñar.

Percorremos montes e camposas; caneamos por roleiros e prados, e pola beira do río. Trouxemos cadanseu feixe. O recendo das herbas e a ilusión do fumazo empurrábannos. E non había pernas cansas nin zocos que magoasen.

Anoitecía. Pousamos os feixes na encrucillada e sentámonos derriba deles. Algunhas mozas pasaban para a fonte.

—Facede un lume ben grande —diciánnos, sorrindo.

Un carro de monllos viña renxendo, anteposto. Detrás, un home e unha muller.

—¿Seique teremos fumazo? —o home deu unha pancada no meu feixe.

—Si, señor —dixen eu.

—Os rapaces non se esquecen do San Xoán —terzou a muller—. E seguiron co carro anteposto polo camiño da aldea.

Aquela tarde —primeira vez que me deixaban ir— deprendín para sempre a escoller as plantas sacras: estalotes, herba de Santa María, faísca verde, follas de castiñeiro e de bieiteiro, ponlas de oliva, codesos, follas de loureiro, trobiscos, ponlas de nogueira, rosas de nabo e de romeu...

Amoreámolas no medio da encrucillada e despois de cear puxémoslle lume. Foi chegando xente. Mocidade, vellos, nenos... A aldea polo pé. Xerras de viño, pandeiretas, unha gaita. Contou o tío Anselmo da Regueira que nos seus tempos de rapaz o fumazo era máis lucido. Andrómenas. Todos os vellos din o mesmo das cousas que facemos os novos.

O fume, un esteo grosa e moi longo de fume, subía paseniño, canso, escuro, sen esparexerse. A noite era maina, queda, coma se fose finar o mundo. E nós veña de atizar as herbas, mentres mozas e mozos, collidos pola man, brincaban por riba do fumazo dicindo:

Sálvame

lume da San Xoán.

Que non me morda nin cobra nin can.

Comezou a tocar o gaiteiro. As mulleres e os homes bailaban darredor do lume. Semellaban tolos. A cada tanto bebían viño e aturuxaban.

Era máis de media noite. Despois de tanto trafego, eu estaba canso. E tiña sono. Senteime nunha beira, ó pé do fouciño e da corda. A xente seguía a danzar con farnesía. Era unha muiñeira que non acababa máis. A palleta e o fol non se querían ceibar do gaiteiro e arrastrárono por entre pedras e cañotos. E todos bebendo, e aturuxando. O fume deixou de subir e comezou a mesturarse coas mulleres e cos homes. De alí a pouco todo era fume e borralla. Só quedaba o gaiteiro, sangrando, a rolos pola encrucillada. Pero non tardou en desaparecer tamén, envolvemento na brétema do fumazo. E a gaita calou, pero foise inchando, medrando dunha maneira que arrepiaba. O vento sopráballe pero non a facía soar. Ata que estoupou, metendo un grande estroncio.

Espertei...

Moita xente marchara. Para rematar a festa do fumazo botaron un foguete, que foi o que me fixo acordar. Meu pai colleume por unha man e fómonos. Polo camiño atopamos algúns mozos que arrastraban cardos a medio chamuscar. Disque os guindan nos tellados para escorrentar as meigas.

A noite era quente e un algo misteriosa. Os sapos tocaban o seu pínfano nas hortas. Cada pequeno ruxido facíame tremer. Para máis déuselle a meu pai por contarme algunhas cousas que esa noite se acostumaba a facer. Díxome que hai mozas que

deixan claras de ovos no peitoril da xanela, e pola mañá fan comparanza do seu porvir co feitío que teña o ovo. Outras, con amores fuxidos, collen peniscos de cardos e envólvenos con papeis en pequenas trouxas; por fóra escriben o nome de cada mozo, e póñenas no leito, debaixo da almofada. O día de San Xoán, ben cedo, ceiban as trouxas e se abrollou algunha flor quere dicir que voltará o mozo que ten o nome sinalado no papel.

Meu pai estaba de chós. Faloume de rapazas que lavan a faciana na amañecida de San Xoán, con auga na que meteron de véspera herba cruzada; e que nalgúns sitios se bota o gando fóra, e a roupa dos enfermos, e que se aparecen meigas...

¡Que sei eu cantas cousas! Entre o soño que tiven na encrucillada e aquelas historias puxéronseme os pelos de espeto. Bo foi que axiña chegamos á casa.

—Mañá hai que madrugar, chacho —dixo meu pai.

—Coma sempre...

—Coma sempre, non —atalloume de boa maneira—; temos que ver bailar o sol.

E vímolo bailar. Estabamos na Agra Vella. O ceo amostróusenos limpo como unha patena; fomos gradar para o millo temperán. Paseniño, foise erguendo por detrás do coto e guindou na terra as súas barbas luminosas. Entón paramos o gando e botamos unha ollada no horizonte.

Como era de día, non me amedoñei, pero o sol, tal como meu pai mo anunciara, bailaba coma un tolo na mañanciña.

A morte

Unha mañá espertei cos berros anguriados da madriña e da mamai. Berros que aterrecían coma se tivesen lume. Os ecos aparruñaban polas paredes. Ían e viñan rachando o aire. Sentín coma se me esgazasen por dentro.

Morrera o padriño.

O médico adiantáranos que, segundo o mal que padecía no corazón, iríase deste mundo supetamente, sen dar chíó, sen sufrir. E debeu acontecer así pois eu non lle escoitara queixa ningunha. E na véspera inda estivera cantaruxando na cociña.

Erguinme da cama coma un lóstrego, pero en vez de saír debruceime no peitoril da xanela, e quedei coma un papón mirando o río. Non sei que tiña que ver o río coa morte do padriño, pero o caso é que alí estiven seguindo cos ollos o fuxir da auga. Talvez sen pensalo estivese comparándoo coa vida da xente. Na escola lera algo diso. Lera que os ríos van dar ó mar, e da mesma maneira, con igual présa, nós alancamos cara á morte. De pensalo ben, dan ganas de chorar.

O sol veu espreguizándose ó xeitiño por derriba do Castro. Axexou primeiro co seu ollo de lume, e logo espargueuse en raiolas mornas sobre o mundo. Nunca observara eu esa estrucia.

Denantes de o sol chegar, todo estaba branco de xiada: o camiño, as leiras, o monte. Pouco a pouco foise derretendo. Tras dela quedou unha tona de lama pegaxenta.

Pasou un carro cantando. Os bois ían antepostos, e detrás, cunha man no chedeiro e na outra unha aguillada, un home esfarrapado, con cariz de fatiga. Era no tempo da labra. O carro ía cargado de esterco ata a orela dos ladrairos. Botaba fume. Na traseira tiña un xeito de parediña feita de chotas. A min gustábame o ulido do esterco e tamén botalo ó carro coa forcada. Cando era un palloco grande, erguíao coas mans ou viña meu pai axudarme.

A madriña seguía laiándose a berros. Daba mágoa oíla. Se fose de noite meteríame medo. Falaba a barullo co padriño, aínda que el, estando morto... Eu quixera non oír, estar lonxe, pero non podía, a menos que me guindase no camiño. Inda bo foi que non se acordaron de min. Ninguén me chamou. E eu seguía alí, cos cóbados no peitoril.

Derretérase a xiada. Pasaron mulleres e homes con legoñas, trollos e angazos ó lombo. Amais de ser a lúa que escollen para que o trigo non bote caruncho, estaba bo día para traballar. Un día de sol ridente e de terra enxoita. Todos rebulían. Uns crebaban cadullos coa cota de raños e sachas. Outros espaxaban o esterco coas forçadas. Despois, veña sementar. E deseguida abrían os sucos co arado de pau. As derregadeiras deixaban orelas de soma ás dúas bandas, e con trollos e legoñas viñan outros acochando o esterco descuberto. Os nenos chamaban o gando e escorrentaban as lavadeiras que papaban a semente.

A min gustábame ollar os sucos. Sobre todo os que facía a xente non gaspalleira. Parecían un debuxo, cos seus

repinicoques, as súas voltiñas de acordo co ancho e o longo de cada leira. Aquilo era unha arte.

Voltei mirar para o río e a comparalo coa vida. Coa vida de todos. A da xente que facía a labra; a dos que estaban lonxe, ou navegando, ou inda non naceran. ¡Que procesión inmensa é o mundo! Que feira, onde a todas horas chegan uns e outros vanse.

Sentín renxer a porta. Era miña nai. Viña refregando os ollos co mandil. Abrazouse a min chorando.

—¡Ai, neno, que desgraza! Morreu teu padriño.

Eu non souben que dicirlle. Sentino moito porque o padriño quería-me. E quería-me eu. Dábame consellos, contábame historias, e nunca foi quen de zoscarme. Ás veces non andaba de chós e eu arredábame del, pero cando pasaban esas tempadas poñíase falador, ledó.

Baixei as escaleiras. A porta da casa estaba aberta; a cociña, chea de xente. Todos dispoñían algo. Quen avisaba o médico e os nosos parentes, quen ía co parte ó xulgado. Un levará o gando a pacer, outro foi tocar as campás. E así todo. Segundo chegaban poñían a man no ombreiro de calquera de nós mentres dicían, con moita aquela, que tamén lles doía a morte do padriño.

Xa tocaran as carreiras. Esa é outra cousa na que teño cavilado. A campá o mesmo vale para reloucar festeira na véspera das romarías, coma para dar a nova dunha morte. Tanto anuncia unha queima como chama para a malla. Ela ten decote o mesmo torgo, pero nós entendemos a súa fala, o ir e vir da súa linguaxe, que unhas veces é leda e outras non tanto.

¡Que rebumbio! Dá gusto ver como todos os veciños axudan. A morte é coma un vencello cordial. Diante dela sentímonos irmáns. E os que non se falaban, fálanse e axudan cando hai defunto. Pero eu non me afago. Todo o dispoñen os de fóra, sen preguntar sequera a meu pai. Entran, saen, cociñan, acomodan o gando. De camiño remexen, saben o que temos e o que non temos, e despois laretan pola aldea adiante.

No cuarto de embaixo velaban o padriño. Metérano nun ataúde escuro, forrado por dentro con tea branca. Vestírono co traxe de garda e cruzáronlle as mans derriba do peito. Nin que estivese durmindo. Non lle tiven chisco de medo. ¿Por que llo ía ter? O que si me deu arrepió foi notar que non folguexaba. Para min era o único sinal de morte.

Sentadas en cadanseu tallo, miña nai e mais a madriña choraban. Eu sentín moita pena, máis por elas ca polo padriño, que á fin xa se fora. A tía pasaba as doas do rosario seguida de veciñas e veciños que estaban por alí. Meu pai camiñaba sen acougo polo cuarto adiante.

Todas as horas do día, dun día longo e teimoso coma un regueiro, eran iguais. Horas de “padrenuestros” chorosos, de xente amiga que nos viña dar o “pésame”, coas mans entalecidas e a canseira da labra debuxada no rostro. Eran futuros cadáveres. “Hoxe por min e mañá por ti”, como di o outro. Non se sabe a quen lle tocará despois. A morte non avisa nin escolle. Quen caía caeu, e abur. O padriño, casualmente o padriño, que ás veces semellaba un sabio, dicíame que comezamos a morrer o día que

vimos ó mundo, e morremos un chisco cada hora, cada posta de sol... ¡Que cousa!

Pola noite veu máis xente. Botou un rosario Carmela de Lois, que vai a todos os velorios. Logo de cear dixéronme que me deitase, pero non quixen. Prefería estar alí, entre aqueles veciños, cada vez menos alleos. Collera medo. Medo de ir só para o meu cuarto. A madriña tíñame dito que os mortos aparécense. Non puideron facer bo de min. Senteime nun recuncho, na beira do anllar, e alí quedei engruñado, tremendo coma unha xostra.

Pouco a pouco foron vindo case todos para a cociña. Primeiro comeron e beberon a embute, e alí quedaron, sentados darredor da artesa, cos cóbados sobre a tampa. Había mozas e mozos que se beliscaban con disimulo. Alguén sacou unha baralla e comezaron a xogar, de a tres e catro parellas, a canta cousa hai. Cando se fartaron da xogueta déuselles por contar contos. Rían a cachón. Eran os mesmos que bagoxaban e rezaban pola tarde. Eu non entendo as caras do mundo. ¡Que desexos teño de ser grande! Tampouco entendín polo dereito algúns contos. E entre barullo e risadas fun adormecendo ata quedar coma un palloco derriba do tallo.

Soñei co padriño. Tiña unha alma pequerrecha e branca coma unha folerpa, que lle saíu voando da boca. Eu tamén voaba e seguina. Cando a alma se detiña, detíñame eu. Primeiro, no remate do hórreo; despois, no salido, na horta, no curuto dun freixo, no Castro. Voamos e voamos día e noite por entre as nubes e os avións, ata que, ¡cataplás! desapareceu a folerpa. Eu perdín

as ás e comecei a descender a chupe. Dende alá enriba vin a aldea ensumida, o río (que parecía un regueiriño), as leiras. Tiña por certo que me ía esfachicar, pero o chan arredábase, arredábase. Ata que oín uns berros irtos e doridos...

Espertei alporizado. Estaba na miña cama. Alguén levárame no colo. Entraba o sol polas regañas do taboleiro. Os berros eran da tía Carme e de mamai que despedían o corpo do padriño. Dende a xanela vin diante da porta unha chea de xente. Veciños con roupa de garda, que ían para o enterro.

—“Tam, tam... tem” —a campá da igrexa chamaba; sempre chama: festa, incendio, morte...

Coma na véspera, quedeime a cavilar, na soidade do meu cuarto. Pensei nos desacougos da xente; na teima da súa loita para xuntar diñeiro, mercar terras, pasar fame hoxe con mentes de fartarse mañá, e ó mellor ese mañá non chega, ou sorpréndeos debaixo dos terróns, mantendo vermes.

Na guerra disque morren homes coma moscas. Morren desfeitos pola metralla. Iso ponlle a calquera os pelos de espeto, e moitos non se decatan de que na aldea tamén caemos. Non se pelexa con soldados, pero lóitase cos trafegos da vida e coas doenzas do corpo. Morremos loitando. Non dunha asentada coma na guerra, pero no adro hai decote terra revolta. Cando nacen herbas ó pé dunha lápida, a peta do enterrador remexe noutra.

¡Se puidese entender moitas cousas! Ou falar tan sequera delas; contarlles ós demais as miñas cavilacións. Pero xa o teño feito e rínseme. E a min dóeme. Dóeme que a xente ande polo

mundo como andam as vacas e os burros: procurando soamente o pesebre.

O meu amigo



O padriño non era coma a outra xente. Aínda non vin home na aldea que se lle puidese comparar. Todos latrican das mesmas cousas ou calan as mesmas cousas. O padriño era diferente. Paréceme que o estou vendo: sentado no seu tallo, ó pé da

lareira, asubía, pensa, fai debuxos co bastón na borralla. Non se anoxa con ninguén. Se lle din algo que non lle gusta, case sempre responde cun sorriso suaviño, e acabouse. Debe ser por iso que lle ouvín dicir un día:

—Ás veces, a mellor maneira de explicar algo é calando.

Pero cando se lle daba por falar, aquilo era unha sementeira. Predicaba mellor ca un frade. Eu non lle entendía moitas cousas, mais rabeaba por escoitalo. Era, ¡que sei eu! coma se o erguesen a un polos ombreiros cunha man de la e o levasen voando lonxe, lonxe...

Un domingo pola tarde, en vez de ir enredar quedeime con el na cociña. Pregunteille de canto hai:

—Padriño, ¿cando esmorecen as estrelas? ¿Onde rematan os camiños? ¿Quen puxo os penedos no río?

Non había cousa que el non soubese.

—¿Que é un amigo? —pregunteille tamén.

E botoume tal prédica que inda me acordo de moitos dos seus ditos. Unha tarde enteira parrafeando da amizade. “Un amigo é o mellor que hai neste mundo, se o é de certo”. “Vale máis ter amigos ca ter cartos”. “O amigo dáche todo e non quere nada; morre por ti se cómpre morrer”.

Despois desa, notei que me faltaba un amigo. Non era doado atopalo, dicía o padriño, pois disque os máis deles son de comenencia. Na escola levábame ben con todos dende que entrei. Pero cando sacaron o mestre e veu Eladia e fun o máis adiantado, mirábanme con mal cariz. Coma verdadeiros inimigos. Era a

rabecha de me verem lendo e escribindo mellor ca ninguén. ¡Se souberan o que me pasaba con Eladia e por que eu deprendía! Pero está visto: sinto cousas que non lle podoo contar a ninguén. Teño que aturalas eu. Eu só, coma cando aturei as vexigas e o sarampelo. Peor aínda, pois teño que calalo.

Os da casa poden ser ou non amigos dun. Ser nai ou pai non ten que ver con ser amigo, penso eu. Disque don Leopoldo é amigo dos seus fillos, e falan e eito de canto hai. Pero na aldea non se usa. Son costumes da vila.

Dende que o padriño me ceibou aquela predicación, botei unha tempada dorido por non ter un amigo, ata que aconteceu o da presa.

Era unha tarde do mes de Nadal. Chovía moito e o río comezou a encher. A madriña mandoume ir buscar o lavadoiro, que estaba na presa do muíño. E fun. Corríncanto me deron as pernas, pero cando lle botei a man esvaroume un zoco e caín na auga avolta. O río levábame pola presa abaixo, cada vez con máis forza. Eu non perdín o coñecemento, aínda que debeu faltarme pouco. Niso, sentín que me turraban por unha perna, e de alí a un instante estaba no resío. O meu salvador fora Lelo de Cidre. Deille unha aperta de corazón. Se el non fose, eu morrería afogado.

«Os amigos hai que coidalos, como se coida unha anada», dixérame o padriño, e eu, convencido de que Lelo era un amigo de certo, boteime a querelo e a amostrarlle estimanza.

Lelo era moi pobre. Fillo de caseiros igual ca min. Pero tiña a “vantaxe” de non cavilar nas cousas. Cantaba e ría aínda que non comese ou andase encoiro. Faima lembrar o conto que di o Xudío, do home feliz que non tiña camisa.

Nunha caixiña de lata moi feita —daquela inda non mercara o peto de barro— gardaba eu os meus pequenos aforros. Algunhas pesetas que fora xuntando. ¿Quen mas dera? Un rapaz baixado sempre colleita algo. Por coidarlle da besta ó perito, ou levarlle o raxo ó cura e a outros señores cando a mata do porco.

Fun á casa de Lelo para regalarlle a miña caixiña cos cartos, amais dun cinto branco que me trouxera de África meu tío Braulio.

—Eu non che quero nada —díxome.

—Por ti podo contar o conto. Salvácheme a vida. Non sei nadar e houbérame esfachicado na reixa do muíño.

—Si, pero eses labores non se cobran.

—Nin hai diñeiro que os pague —díxenlle—. Non veño pagar un traballo; tráioche un regalo.

Despois de moito leirear colleume o cinto.

—Eu quero ser teu amigo, Lelo.

—Xa somos amigos.

—Quero que andemos xuntos, falemos das nosas cousas...

—Por min, xa está —díxome.

E tiven un amigo. Un verdadeiro amigo. Decote nos levamos ben. Todos os días maxinabamos diferentes andrómenas para cando fósamos grandes. Lelo quería aprender música e tocar o

bombardino ou a trompeta. Xa estrebillaba cos dedos nun pínfano e dáballle xeito. Ademais metéuselle na chola ser mariñeiro. Nunca vira un barco nin o mar, pero seu pai estivera servindo en Ferrol e parolaba arreo de augas e ventos. Eu teimaba ser mestre de escola, ou cando menos ferreiro. Pero tamén quixera voar. Guiar un avión para ir polo mundo adiante, viaxando por derriba das nubes.

Faciamos paxareiras, armabamos sedelas no río, para pillar troitas, e non había tobo de coello que non tivese na porta un lazo de aramio posto por nós. Na aldea chamábannos “os armadanzas”. Manolito, o fillo do señor, adoecía.

No tempo da sega adicámonos a xuntar cornello. Andamos o agro todo. Con tal de non tripar o centeo, ós donos non lles importaba que sacásemos o gran de corvo. Despois de mollalo, chegamos ás tres libras. Tamén fixemos angazos de pau, para vendelos no Sanmartiño, e algunhas tarabelas. Lelo gardaba os cartos que iamos gañando, nunha caixiña con pecho.

Non gastabamos nada en chilindradas. O aforro medraba. E máis medrou aínda co choio do raposo que nos vendeu un cazador, amigo do pai de Lelo. Era un raposo grande, mantido. Encolgámolo nun pau e fomos con el ó lombo de porta en porta, como é uso.

—Ei, da casa. ¿Dades algo para o raposo?

—¿Onde o apillastes?

—Alí en diante, ó pé do Castro.

A xente dubidaba, pero como sabían que andabamos entre lazadas e garamelos, á fin dábannos ovos ou diñeiro. E cando o raposo comezaba a cheirar, démosllo a uns rapaces da outra banda do río, que facían igual andaina pola súa aldea.

Afixen a Lelo a cavilar. En pouco tempo semellaba outro. Os que non pensan non merecen ser persoas, digo eu. Falabamos de cousas moi serias. Cousas de xente grande. Estivemos de acordo en que no mundo hai pobres e ricos e non debería ser así. Convencino de que cumpría saber moito, e ensineille a facer algunhas contas e a escribir mellor.

Deprender cousas, ser grande, ir ás mozas; bombardino, trompeta, zafra, barco, avión, mar, nubes... Falabamos acotío dos nosos degaros. Coma dous amigos que se queren.

Pero todo ten remate. Está visto que pouco me duran a min as contentezas. Os pais de Lelo decidiron irse para América.

—Eu non sabía nada, Balbino, senón tivéracho dito. Arranxaron os papeis caladamente.

—Pois agora xa está —díxenlle—. Non hai can que o roia. Vaste e acabouse.

Fun despedilo ó “Modelo”. Bulimos a falar. Parolamos a oito. Ata lle dixen o que me acontecera con Eladia. Deille o meu segredo coma un regalo. E souben de camiño que a el lle pasara algo semellante coa filla do fragueiro. Eran as únicas cousas que gardabamos sen saber un do outro.

—Escríbeme —díxenlle—. Mándame tan sequera unha carta. Non fagas coma Miguel. Cóntame como é América. Dime se é

certo que hai indios e cóbregas moi longas.

Lelo bagoxaba.

—Non chores. Un home non é unha ovella —pero as miñas fazulas tamén se mollaron.

Mentres estiven na miña aldea, non atopei outro amigo coma Lelo. Un amigo de certo, que me librou de morrer afogado cando caín na presa. “Vale máis ter amigos ca ter cartos”. O padriño tiña razón. O padriño era un sabio.

San cristán

E así foi. Cando é para mal, dicimos que “non sabe un onde a ten”, e igual debiamos dicir cando a boa sorte se pon da nosa banda. Porque non é que eu puidese compararme con Manolito, nin sequera con Pepe das Chouzas, que ten un reloxo e foi a Santiago dúas veces; pero para min, que todas me veñen tortas, era abondo.

Unha noite escoitamos ladrar o can. Petaron á porta. Era Xaquín do Relanzo. Pasou, sentouse, trouxo meu pai unha xerra de viño e falon de canto hai. Fixérase tarde e coteleabamos todos co sono. Ata que Xaquín se ergueu e dixo dunha vez a que viñera.

—Pois eu queríavos pedir o rapaz.

—¿Para sacarlle o unto? —dixo a trosma da miña tía, rindo.

—Falo en serio. Xa sabedes que me toca a función do San Roque e corren pola miña conta todos os trafegos da igrexa: tocar

as campás, atender enterros, cabodanos, coidar dos santos. Eu non teño tempo nin lecer para esas cousas. E pensei que talvez o Balbino, pagándolle o que se acostuma, quixese facelo por min.

—Pois quero —dixen eu, chantándomelle diante.

Os da casa nada opuxeron. E así quedei feito sancristán. Disque nunca houbera outro tan novo na parroquia.

Cada ano cámbiase de funcioneiro. Meu pai contou que antes poxaba o cura no altar o dereito á función do San Roque, e quedaba con ela o que ofrecese máis libras de cera. Pero houbera algúns anoxos e foi cando determinaron que se tomase por rolda de casamentos.

Acordouse que Xaquín tiña que darme no comezo un traxe a escoller e vinte pesos ó rematar o ano. E así o fixo. Levoume ó xastre de Morás e o primeiro domingo que fun á igrexa estreei o traxe. Endexamais tivera outro tan bo.

—Como campas, chacho.

—Ben se ve que a metade do mozo está na tenda.

—Léveme Xudas se este furabolos non vai xa ás mozas.

Todos me dicían algo. Eu sorría e calaba. Era coma se da noite para a mañá me volveuse outro. Tales requilorios viñan da xente que me atopaba a diario esfarrapado. ¡O que é a roupa! Trátano a un segundo o ven por fóra.

O meu trafego dos domingos era varrer, botar auga na pía, acender e apagar as candeas, sacar a caixa das ánimas e tocar a campá. Moitos labores que eu non sabía dicíamos meu pai, que de mozo fora fabriqueiro. Deprendín axiña. Cando morreu a irmá do

perito botei as carreiras e saíronme ben. Despois estiven dous días, como é uso, tocando a morto. Ata que a enterraron. Viñeron moitos curas e eu no remate axudeilles a comer a parva na sancristía. Larpei queixo e pantrigo a embute. E enriba déronme dous pesos.

Collinlle agarimo ó choio, aínda que me trouxo algunha rabecha. Cos dous pesos merquei unha cinzarra das grandes, que inda me dura. Eran cartos meus, pero igual me tundaron na casa cando souberon que os gastara. Non entendo por que se os gañara eu non podía facer deles o que quixese. Para meus pais eu son un neno, e non sei empregar o diñeiro. Estiven para dicirlles que eles tampouco, pois mercaron un cuxo que amolece, coles coa potra, un adival esfiañado... Mais, non abrín o peteiro. Alporízanse e fanme calar dun sopramocos. Eles son maiores e sabios. Eu son un rapaz, un ninguén. ¡Algún día serei grande!

Cando tocaba a campá, procuraba turrar con moito xenio pola corda ou polo batel. Quería que a ouvisen todos. Nas casas, no agro, no monte. Por forza tiñan que lembrarse de min. Cada badelada era como un berro; un chamado abrouxante que dicía en toda a volta: ¡aquí estou!

Eu son dado a cavilar, e cando andaba pola igrexa, entre santos e panos sagros, traballábame moito o pensamento. Matinaba no San Roque, que mellor estaría cun médico poñéndolle unturas ca non lambéndolle a frida un cadelo; e dábame non sei que ver dacabalo o apóstolo Santiago moi ben vestido, chuzando mouros. Iso non está ben nun santo, penso eu.

Cando menos podía descabalar e pelexar con eles de home a home. Ós anxeliños miráballes as caras, tan chuscas, tan feitucas, e dábase mágoa por non seren nenos nin nenas.

Nos cabodanos tiña que arranxar o túmulo. Poñíanseme os pelos de espeto con aquela estangurriada. Primeiro un caixón moi grande, que me facía xemer para arramplalo dende a sancristía, e despois outros, cada vez máis estreitos. O do carapucho parecía unha cangalleira revirada, cunha cruz no cabo. “El fin del cuerpo aquí lo tenéis y el del alma según obréis”. “Como me ves te verás”. Estes e outros letreiros tiñan escritos os caixóns por darredor. Amais de debuxos medoñentos que amostraban caveiras e ósos.

Coidei seguir no choio, pero tocoulle a función do San Roque ó Morulo e entrou un sobriño del no meu lugar. As cousas boas duran pouco.

Cando poño o traxe de garda, lembro os meus tempos de sancristán. Atopo de menos a igrexa, o túmulo, as campás. Porque todo iso será pouca cousa para a xente grande, ou para os rapaces da vila, pero eu endexamais tiven nada mellor.

O xuramento



Algúns veciños téñenlle teima a Serafín, o enterrador. Será porque máis tarde ou máis cedo, han caer baixo da súa peta. Pero

alguén ten que facelo, penso eu. Ata o tolo de Quintás o sabía cando baduaba na taberna que para todo se arranxaba só, menos para entrar na cova.

A Seraffín non lle importa. Chámano e vai. Cobra o seu, e acabouse. É home de poucas falas e de paso vagoroso. Pequenote, fraco —houbo quen lle puxo o alcume de “Bigornia”—, e pernas tortas coma abeacas. Gasta pantalón de dril e chaqueta de pana remontada, e leva posta sempre unha pucha grande, cun delongamento a xeito de viseira.

Disque veu da montaña, hai moitos anos. Vive coa muller, nunha caseta que arrendou ó pé do Castro.

Déronlle o choio de legüeiro por ter apandado moitos trebóns de balas na guerra. O de enterrador é coma un segundo oficio para el.

Eu quérolle. ¿Por que a xente o tratará así? Non fala mal de ninguén nin é peccadento.

Sen que mo soubesen na casa, teño ido ó adro latricar con el cando había enterro. Gustábame velo no seu trafego. Pousaba a chaqueta no valo, refucía as mangas da camisa e veña a cavar. Primeiro amolecía a terra coa picaraña e logo botábaa fóra cunha pa.

A derradeira vez que o vin foi cando morreu a tía Engracia da Granxa. Era por maio. Acórdome ben porque foi o día do meu xuramento. No alcipreste garulaban merlos, papuxas, estorniños, ¡que sei eu! Un rechouchío teimoso de canto paxaro se podía ver

e xuntar. Fun indo ó xeitiniño, a rente do valo, espremendo couselos. Senteime nunha lápida branca, de mármore.

—Ou, Balbino. ¿Vés ver como traballo? —díxome.

—Veño.

—Non che arrendo a ganancia. Enriba de baldar os cadrís, troño, sacando terra por catro patacos, póñenlle a un alcumes e caras de ferreiro.

Cuspiñou nas mans e seguiu cavando e xemendo. Eu comecei a darlle voltas a unha argola da lápida. De alí a pouco guindou a picaraña e veu sentarse á miña beira. Ese día estaba falador.

—Aínda é cedo —dixo, ollando a sombra do alcipreste na parede da igrexa—. Noutra xeira acabo o burato. ¡Pobre tía Engracia! Non sabe un a onde pode chegar. Ela foi a máis rica da parroquia, en vida de don Alexandre. Na súa casa, troño, fartábanse os pobres e había portas abertas para todos, ata que as cousas comezaron a andar coma o nabizo, e á fin embargáronlle casa e bens, deixándoa polas portas do mundo.

—E logo, ¿a tía Engracia tiña moitos cartos? —pregunteille.

—A moreas... pero, como di alí: “onde quitan e non pon...” Cando lle embargaron aínda don Alexandre vivía. Púxose tolo e andaba a pedir. Daba mágoa. Todo esfarrapado, cheirento. ¡A vida é un fandango, troño! Unha mañá apareceu morto na corre道ira fonda. Súbose que ía polo carreiro de enriba e perdeu pé; baixou a rolos polo monte abaixo ata esmendrellarse. Está enterrado acolá, ¿vés? —guindou unha pedriña sinalándome tres lousas afundidas.

—¿E a tía Engracia, non toleou?

—Nin quixo ir pedir. Tíñao a menos. Sempre conservou certo aquel de señora fidalga. Levábanlle algunhas cousas os veciños á casupa, que senón, houbera morto de fame.

Serafín acendeu un pito e volveu ollar a sombra do alcipreste. Eu seguín a enredar coa argola mentres pensaba na tía Engracia, nos tolos, na morte...

—¿E que é a morte? —pregunteille ó enterrador.

—¡Vides con cada retrónica os rapaces...! ¿Que che vou dicir? A morte é a cousa máis condenada que lle pode acontecer a un. Os que se suicidan non merecían vir ó mundo. Todos nós somos unha esqueira con tres chanzos: nacer, vivir e morrer. E non hai can quen o roia, como din os vellos. Tremémoslle á morte porque non sabemos o que haberá detrás dela. Cando chega, séntena máis ca ninguén os que desaproveitaron a vida; os que perderon o tempo mirando para os biosbardos. Aqueles que fixeron algo de valememento saben que non morren de todo. Ti non podes entender polo de agora estes choios tan serios. Aínda lles custa enxerguelos a moitos homes de barba.

A min pareceume entender ó dereito todo o que Serafín dicía, pero calei; deixeiño seguir. Gustáballe que o escoitase.

—Cavila nisto —díxome—: o mundo é unha roda, e nós facémola andar. Cadaquén afinca de acordo coa súa forza. Eu enterro mortos e compoño a estrada. Outros escriben libros, fan pontes ou gobernan nacións. Pero hainos que non fan branca e inda teñen o tupé de esbargallar o que hai feito. No remate debe

pesarlles, aínda que xa será tarde. Se soubésemos por adiantado o día da nosa morte, ¡que maneira de querernos uns ós outros e de amar a vida! Todo isto deprendino na guerra. Maxina a véspera da derradeira viaxe. Apertando contra o corazón a todos. Ollando o sol, as leiras, as árbores; percorrendo a todo dar camiños noutrora andados; despedíndose do mundo, facendo nesas poucas horas algo onde quedase esburado o noso facer, para que nos lembrasen os vivos.

Falaba a treu e coma se estivese nun púlpito, abaneando os brazos. Volveu a ollar a sombra do alcipreste na parede. Supetamente, ergueuse, colleu a picaraña e continuou o seu traballo.

—Ven —berroume—. Achégate. Aquí tes o que queda dun home. Mira —mostroume varios ósos alongados—, isto eran pernas e brazos; e velaquí a cabeza. A carne levárona os vermes. ¡Esterco! Pero a fonte nova, cos seus catro pichos de ferro, segue deitando auga para regalía dos veciños. Por obra do esforzo de Manuel de Rendos, o dono destes ósos que ves. Enterreino hai nove anos. Rendos vivirá mentres a fonte dure, aínda que apodrecese o seu corpo.

Serafín calou. Supuxen que estaría pensando en Rendos, o que ergueu a fonte. Seguiu botando terra fóra. Aqueles ósos deixounos nun recuncho do burato. Eu fun polo adro adiante, tripando herbas e lousas, espremendo couselos. Teimaba o rechouchío dos paxaros no alcipreste. A campá tocaba a defunto.

Enfiei polo carreiro do agro. As palabras de Serafín ían comigo; zoábanme dentro, coma se tivese un nesporeiro detrás da testa. Don Alexandre, a tía Engracia, a morte, o derradeiro día... Xurei para min que cando chegue a grande farei cousas de valemto para non morrer de todo cando morra. Todos os días cavilo niso. E na xente que vive mirando para os biosbardos, como di Serafín. Cumprirei o xuramento.

A pedra

Aquilo foi o comezo. Porque as cousas veñen decote encerelladas. Vai un despois desfacendo o novelo ata atopar, pouco a pouco, o cabo do fío. O vivir, con estas reviravoltas, semella un enredo, unha estornela. ¡Se soubésemos todo por adiantado! Aínda que agora penso que igual tivese feito o que fixen. Ou peor aínda. É coma unha pezoña que se xunta nun e non hai maneira de gobernala. ¡Que sei eu!

Manolito era moi ruín. Dicíano todos. Sempre andei o meu camiño procurando non bater con el, pero acirrábame. Tentoume o xenio máis dunha vez e sentín ganas de andarlle coa palla da albarda, como di a madriña. Non podía. Era “o neno do señor”. E aturei para non desgustar a meu pai. Os pobres decote perdemos. A xustiza non está da nosa banda. Ben o sabía Manolito. Por iso me alcumaba.

O cura dicíanos na doutrina, que se nos dan unha labazada na fazula esquerda, debemos cometer coa dereita; mais paréceme

que non está ben. Algún día hai que arrepoñerse.

Aquela tardiña voltaba eu do prado. Fora tornar a auga. Andara o día enteiro arrendando patacas, doíanme os cadrís. Tiña segura na gorxa e un teimoso proemento nos ollos. Sede, canseira, anguria de ver que a vida non é igual para todos os rapaces.

Cando pasei por diante da casa do señor, coa sacha ó lombo, vin a Manolito no patín, xogaba á “pita cega” cos dous nenos de don Leopoldo, o médico. Don Leopoldo vive en Santiago, pero tanto lle gusta o peixe que no verán vén botar sempre unha tempada á aldea. Para na casa do Americano. Está decote no resío engaiolando troitas, escalos, anduriños. A xente quérelle. É moi boa persoa. E tamén dona Isaura, e os nenos, aínda que a estes botounos algo a perder o Manolito.

—¿Veis aquel harapiento? Es hijo de nuestro casero. Un cagarolas. Un...

Eu detívenme e quedeino ollando. Non ouvín as demais palabras que lle dixo ós compañeiros. Non quixen ouvilas. Comecei a tremer coma un vimbio. Non de medo, de xenreira.

—Vamos a correrlo —ordenou o túzaro de Manolito.

Baixaron do patín e botáronse a valmontes cara ó camiño. Manolito viña diante, berrando. Aínda cheguei a escoitar da súa boca outras aldraxes. Anagueime, collín un cantazo e guindeillo con moita forza. A pedra era coma un paxaro mouro, voando. Tan ben lle afitei que Manolito caeu rebaldado sen dar chíó. Vinlle sangrar a cara. Rodeárono os nenos de don Leopoldo. Eu botei a

correr. Foi coma se espertase dun pesadelo. As pernas non me daban máis. A secura da gorxa volvéuseme acedume, e sentín friaxe na testa. O sol pareceume unha roda de sangue afundíndose detrás do monte. Unha moza ía por auga; case tropezo nela. Choraba nunha soleira un meniño. Ó lonxe pasou rosmando un carro. Anoitecía. Eu alancaba. Canso de traballar o día enteiro, inda tiña azos para aquela fuxida. Collín medo. O camiño de Brandamo era escuro. Barullaban os grilos. Algúns morcegos pasábanme a rente da pucha. Víñaseme enriba a noite, cos seus medos, as súas curuxas e pantasma. O corazón bourábame forte no peito. A cada intre revirábame. Escoitaba berros detrás de min, e gallope de cabalos. Poida que me seguisen, aínda que non vin a ninguén.

A tía Estrela é segunda curmá da mamai. Afixéronme a chamarlle tía. Vive soa, en Brandamo, dende que lle morreu o home na guerra.

—¿Quen é? —berrou dende a cociña, logo de escoitar o petador.

—Son eu, tía. Son Balbino.

Quedou abraiada. Conteille o caso de Manolito, do seu atricamento e da pedra.

—¿E magoáchelo moito? —preguntoume, chorosa.

—Non sei. Caeu coma un palloco na beira do camiño. Poida que morrese.

—¡Cala! ¡Non digas tal! Ai, ¡Nosa Señora nos valla!

Eu tiven mágoa da tía, dos da miña casa, de Manolito, e ata de min mesmo. Sentíame un criminoso.

Aquela noite durmín moi mal. Soñaba arreo con Manolito. En veces, que lle afundira os ollos coa pedra; outras, que perdera para sempre a fala. E tamén que morrera. A alma del sorríame dende o patín. Xa non era un rapaz batallaro senón un anxo do ceo, con ás branquiñas coma folerpas, e cara escintilante. Eu, á súa beira, cos zocos cheos de lama e cuberto de remendos, daba noxo. Máis noxo aínda porque agora camiñaba dentro de min un espírito asasino. A noite pareceume moi longa. Coma se fosen unha chea de noites engadidas. Tiven ganas de irme. Fuxir para onde non me coñecese ninguén. E tamén desexei morrer. Cada vez que espertaba sentía un febrón na testa coma cando tiven o sarampelo. Erguía as mans e rezaba. Nunca me gustara rezar e facíao agora, pedindo por Manolito. ¡O que son as cousas!

Pola mañá chegou a nova a Brandamo. Estaba na boca de todos: o neno do señor levárono á vila para curalo dun cantazo que lle guindou o fillo do caseiro. Tiña unha fenda na testa.

—Lévote á túa casa agora mesmo —dixo a tía Estrela.

Colleume por unha man e botamos pés ó camiño. Eu deixábame ir. Estaba aloleado. Tanto me tiña. Sabía de certo que me agardaba unha tolona de meu pai, pero non tiven medo. Case desexaba aquel castigo.

Cando entrei na aldea todos me miraban con mal cariz. Así mo pareceu ó menos. Eu non erguía os ollos do chan. Sentía unha vergoña moi grande.

Na casa, miña nai, a madriña e a tía Carme berráronme a máis non dar. Dixéronme que estabamos perdidos pois o señor botaríanos dos bens e teríamos que ir polas portas do mundo. Todo iso amais de apandar co que custase curar a Manolito.

Meu pai chegou do monte cun gabilo na man. Veume e calou. Pero deseguida acenoume para que o acompañase. Decateime que iamos á casa do señor. Polo camiño non nos demos fala.

O señor alí estaba, no patio, entre chuchameles e nogueiras, sentado nun banco de cantería. Cando escoitou os nosos pasos, revirouse e botoume unha ollada enfurecida, chea de pezoña, que me puxo medo. Logo, sorriu con maldade, de camiño que lle entregaba a meu pai unha corda encartada. Non sei ben o que pasou por min e pechei os ollos. Meu pai xemía mentres me arreaba coa corda no lombo, nas pernas, onde cadrase. Estordegoume o sangue. Caín dúas veces e volvinme erguer supetamente. Aínda tiven folgos para correr a onde estaba aquel lobo chamado “señor” e cuspirlle na cara. Despois fixen o propio co meu pai. Niso esvarei, e non souben máis o que pasou. Perdín o coñecemento.

Cando acordei, estaba na miña cama. Sentada nun tallo, preto de min, atopábase a madriña. Non tardou en aparecer tamén miña nai. Falábanme con moito agarimo e aloumiñábanme, pero eu sentía coma un trasviramento. Coma se tivese o corazón fendido, esmagado. Xa non me doía o corpo senón a alma. Doíame que o señor levase a metade do que collemos, e enriba,

amais de pagarmos as curas de Manolito, que me castigasen diante dos seus fuciños para andar ben con el.

—Fálame, neno; ¿onde che doe?

—Balbino, non sexas testán; di algo.

Pero eu calei. Revireime para a parede e calei.

Fóronse.

Non quixen probar bocado en todo o día. Nin saín da cama. Pola noite supuxen que falarían de min. Despois de cear sempre conversan das cousas acontecidas na xornada. Funme ata onde está a hucha da roupa. Alí arrimeei a orella a un burato que deixou un nó de piñeiro manso nunha táboa, e sóbena todo.

Souben que non tiñamos cartos para pagar o lerio de Manolito, que custaba máis de tres mil pesetas, e tamén que o señor falara de botarnos. Dixeron que eu era a causa daquela malafada e estiveron de acordo en mandarme servir. Dese xeito deprendería a “comer o pan que o demo amasou”.

Non quixen saber máis. Tiña fame e doíame o corpo todo, pero argallei a fuxida para esa mesma noite.

¿Que hora sería? Non sei ben; era noite pecha. Collín o traxe novo, os zapatos, o peto de barro. Fixen un embrullo con todo e dispúxenme a liscar. Abrín vagarosamente o taboleiro. Saín atoutiñando, por derriba da viña, ata chegar ó bacelo gordo. Nun tristrás boteime ó camiño.

Cando abriu o día xa eu pasara os Alargos e a Codeseira. Sen pensalo ía cara a Loxo, onde está a servir miña irmá Celia. Estivera alí dúas veces e lembrábame ata dos atallos.

Celia sorprendeuse coa miña chegada. Conteille todo. Ela tamén me falou de cousas que eu non sabía.

—Cando sexas máis home entenderás mellor este lerio —díxome.

Contoume que tamén ela fuxira unha mañá. Disque a vira o papai ruando cun mozo, no resío, e mallou nos dous cunha vara.

—¿E que pensas facer? —preguntoume.

—Veño servir. Se hai quen me queira —dixen.

Ata que, voltas arriba e abaixo, vin parar á casa do Landeiro. O que son as cousas... Todo por terlle afitado coa pedra a Manolito. Por terme arreposto unha vez. É coma cando se queima unha casa porque brincou unha muxica no anllar.

Destino



Hai quen di que todo o que nos acontece está sinalado de antemán. Que andamos por camiños mallados. Cadaquén vai polo

seu, queira que non, coma se o levase un anxo ou unha meiga. Eu non creo tal cousa.

Un día falei disto con Lelo. Estabamos arrimados á orela da ponte, mirando para o río. Os muxiricos rebulían na tona da auga.

—¿E logo as cousas non pasan porque teñen que pasar? —dixome.

Aledeime de que Lelo cavilase. A xente que non fai traballar o miolo deberíase anagar e ir polo monte enriba de catro patas.

—As máis delas podemos gobernalas. E acontecerán segundo nós queiramos —contesteille—. Depende de min, poño por caso, que me chimpe ou non agora mesmo da ponte embaixo.

Lelo sorriu, dándome a razón.

Vin parar á casa do Landeiro porque quixen. Certo é que algo empurroume Manolito e a pedra que lle guindei, e meus pais, pero na derradeira naceu de min a idea de fuxir, e trouxéronme as miñas pernas.

Noutrora daríame vergoña andar a servir. Hoxe, non. Se ben se pensa todos somos criados. Todos menos os que son amos. Hai xente de dúas castes: a que manda e a que é mandada.

Levo aquí tan pouco tempo, e ¡cantas cousas novas!

O Landeiro merca e vende gando. É home forte, traballador, e polo mesmo gústalle que os demais traballen. Anda de feira en feira. Berra para falar con un coma se estivese entre cuxos. Pero non é ruín. Ás veces ata conta algunha chuscada e cando se ri axéxalle dende a boca un dente dourado. Ten corenta e sete

anos. Disque estudou para cura en Santiago e interrompeu os latíns para casar. De alí a catro meses morreulle a muller, e algunhas vellas santilorias rosman que foi “un castigo do Señor”.

Sabe que se me dá por ler e tráeme libros. Teño xa dezaioito. Algúns non os entendo ben. O mellor de todos —xa o repasei catro veces— é o das “Memorias”. O que fala nel vén ser un capitán, chamado Smith, que conta todo o que lle pasou na guerra. Ata soñei con el e paréceme que se o atopase no camiño, falaríalle.

Tamén soño con Pachín, e con Lelo. E ata con Eladia.

Entre Flora e mais eu facemos case todo o traballo de fóra. Na ceifa veñen xornaleiros. Eu síntome outro. Máis forte; como se estivese chegando a home. A roupa vaime quedando pequena. Flora fíxome esquecer algo a Eladia. Aínda que con Flora sinto unha cousa diferente. Ganas de abrazala, ou darlle un lapote nas nádegas, como fai ás veces o Landeiro. Un día, no monte, puxémonos a enredar mentres botabamos molime no carro, e non sei o que me pasou. Vinlle as pernas ata a polpa e véuseme un trasviramento ós ollos e un rebulir no sangue que me fixeron tremer.

Flora ten vinte anos. Serve na casa do Landeiro dende pequena. Dixéronme que dorme algunhas noites con el. A xente sempre lle dá ó peteiro. Tamén din que o amo non lle deixa ter mozo. ¡Se eu fose máis grande! Pero son un rapaz, e se lle digo algo rise de min.

Celia, miña irmá, vénme ver cada tanto. Entrou un día no meu cuarto e tiven que bulir a gardar o caderno. Hai tres domingos tamén veu meu pai. Falamos pouco. Díxome que o señor non os botara, pero coa condición de que eu non fose máis pola aldea. E enriba subiunos a renda da casa. Manolito xa voltou. Ve dos dous ollos, pero quedoulle para sempre o sinal da testa. A min doeume ver a meu pai tan serio. Outras veces tíñame contado contos e historias ledas de cando el era mozo. Pero agora había entre nós unha pedra. O cantazo que lle guindei ó neno do señor. Así e todo, se me falase doutra maneira, pediríalle perdón por terlle cuspidado e por fuxir da casa. Pero todo quedou como estaba. Contoume que a madriña anda outra vez mal dos cadrís, e que a mamai e mais a tía Carme viranme ver axiña.

Cando xa se ía, deume un papel encartado, que sacou do bulso da chaqueta. Era un sobre pequeno, verde. Abrino. ¡Unha carta de Lelo! A primeira carta que recibía na miña vida. O meu amigo lembrouse de escribir. Cumpriu. Non fixo coma Miguel.

Pareceume que o sol arraiaba para min só. E que unha música de paxariños me rebulía no peito. ¡Cantas cousas contaba Lelo! Tamén eu lle dixen moitas na resposta. Faleille da miña fuxida, de Manolito, de Flora... Atopei á fin onde baldeirar os meus desacougos, as angurias que me aflixen.

Agora non falo comigo mesmo. Cóntolle a Lelo, o meu amigo, o que antes poñía no caderno. E a vida, mentres haxa correo, ten para min outro cariz.

O caderno dareillo ó Alberte, o sobriño do Landeiro, que estuda en Santiago e disque escribe libros. Debe ser algo tolo. Apañoumo un día no cuarto e non fai máis que pedirmo. Di que son as miñas “Memorias”. Cousas do Alberte... Tiñamos falado unha noite do capitán Smith e da súa andaina guerreira. Pero o caderno, aínda que para min vale moito, non ten comparanza. Xuroume que non llo amosstraría a ninguén.

Que o leve.

Buenos Aires, 1960

Breve historia editorial de Memorias dun neno labrego

Este libro foi escrito en Buenos Aires no segundo semestre de 1960. Saíu do prelo (imprenta de Alfonso Ruíz) o 5 de xaneiro de 1961, na editorial Follas Novas, cunha cuberta de Luís Seoane. Imprimíronse 2.000 exemplares, dos que foron distribuídos en Galicia 300 a través da Editorial Galaxia.

En 1968 publicouno en Sada (A Coruña) Edicións do Castro, con cuberta e ilustracións de Isaac Díaz Pardo e un proemio de Xesús Alonso Montero. A mesma editorial reeditaríao moitas veces (a vixésimo quinta en 2007), nove delas con tiradas de 10.000 exemplares; Akal, de Madrid, fixo cinco edicións, e *La voz de Galicia*, unha, de 57.000, que entregou co xornal no ano 2002. Hai sete edicións en castelán: catro a cargo da casa madrileña Júcar; unha por Kalandraka, de Pontevedra; e dúas na Habana pola editorial Arte y Literatura, con prólogo de José Antonio Portuondo e debuxos de José Luis Posada, a primeira cunha tirada de 70.000, e a segunda de 55.000. Ademais do castelán tamén foi traducido ó éuscaro, catalán, asturiano, francés, inglés, alemán, romanés, sueco, chinés, ucraíno, búlgaro, italiano, ruso, checo e portugués. Existe unha edición en braille para cegos, acaba de ser traducido ao esperanto polo filólogo e profesor Xesús Moinhos (un capítulo

xa se publicou na revista esperantista *Beletra Almanako* , que se edita en Nova York).

En total lévanse publicado ao redor de 600.000 exemplares (ata o 31-XII-2009).

Hai dous documentais referidos a esta obra: un de Víctor Freixanes, para o programa *A trabe de ouro* , da TVG (1986), e outro de Ismael González e Xan Leira (2002); está listo o guión para unha longamentraxa; dramatizáronse varios capítulos na Televisión Italiana, e ademais da versión teatral de México, escenificáronse en galego fragmentos diversos en múltiples colexios de Galicia. O escritor e actor Cándido Pazó vén de estrear con moito éxito a peza que titulou *Memoria das memorias dun neno labrego* , baseada na novela.

Esta narración véñse utilizando como libro de lectura en colexios e institutos de Galicia, e tamén se utiliza ou utilizou, en castelán, en centros de ensino medio de Cantabria e en escolas de secundaria básica de Cuba, e en alemán, nas Universidades de Leipzig e de Tréveris.

Publicáronse traballos diversos e elaboráronse teses de licenciatura nas Universidades de Roma, Moscova e Borgoña (as dúas últimas foron publicadas en libro). Outros estudos leváronse a cabo nas de Fortaleza (Brasil), Grenoble (Francia), San Petersburgo, Santiago de Compostela e Buenos Aires.

Con *Memorias dun neno labrego* nace a literatura galega para nenos e adolescentes.

En abril de 2010, a Universidade Nacional de Educación a Distancia (na filial de Lalín) levou a cabo un curso titulado: “Xosé Neira Vilas. Da Galicia de Balbino á Galicia de hoxe”. Entre outros, participaron os profesores Xosé Luís Axeitos, Dolores Vilavedra, Xosé Antonio Aldrey, Victorino Pérez Prieto, Román Rodríguez, Xesús Alonso Montero, Luís Fernández Ríos, Marcial Gondar, David Otero e Pilar González Yanci. Os respectivos relatorios vains publicar a Deputación Provincial de Pontevedra.

O 30 de maio de 2009 presentouse no museo Verbum, de Vigo, o libro *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino, o neno labrego*, publicado en Madrid, en edición non venal, por iniciativa do cineasta e escritor Ismael González, coa colaboración do Concello de Vigo. Contén traballos de 53 colaboradores. Co mesmo título, e coordinado polo profesor Avelino Muleiro, vaise publicar en Ir Indo Edicións unha obra que suma outras colaboracións ata un total de 98, trece delas en linguas de fóra.